



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de novembro de 2020
Duración	Desde as 20:42 ata as 23:40 horas
Lugar	Sesión telemática a través de "Gestiona"
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión ordinaria anterior de data 24-09-2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sometida a votación a acta da sesión ordinaria anterior de data 24-09-2020 é aprobada por unanimidade.

Ratificación días locais festivos para o ano 2021. Expte: 1077/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"Ratificación días locais festivos para o ano 2021. Expte: 1077/2020.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia con data entrada 28/09/2020 e RE nº 4706, no que solicitan envío de proposta do Pleno ou do órgano competente na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2021, co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución.

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/10/2020 do seguinte tenor literal:

"PRIMEIRO.- Designar como días festivos de carácter local para o ano 2021, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

- Martes 16 de febreiro, martes de Entroido.

- Xoves 24 de xuño, San Xoan.

SEGUNDO.- Que se ratifique dito acordo polo Pleno da Corporación na seguinte sesión plenaria.

TERCEIRO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

Tendo en conta que habitualmente o Concello de Guitiriz determina como días festivos de carácter local o martes de Entroido e o día de San Xoan.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/10/2020 de designación como días festivos de carácter local para o ano 2021, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

- Martes 16 de febreiro, martes de Entroido.

- Xoves 24 de xuño, San Xoan.

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que xa se consensou con anterioridade en Xunta de Goberno Local e na Comisión Informativa, polo que estamos de acordo.

O voceiro do grupo BNG di que estamos de acordo con estas datas.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Aprobación definitiva de estudo de detalle previo á licenza de construción de vivenda unifamiliar en Avda Coruña nº 120, Lagostelle. Expte: 95/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"Aprobación definitiva de estudo de detalle previo á licenza de construción de vivenda unifamiliar en Avda Coruña nº 120, Lagostelle. Expte: 95/2020.

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

-Solicitud de data 4/07/2019 presentada por Miguel Vázquez Seoane, con NIF. 33553814B, representado por dona Ana Rodríguez Fernández, con NIF 33347094S e con enderezo a efectos de notificación en ana@a2proyectos.es, de tramitación de estudo de detalle previo á licenza de construción de vivenda unifamiliar en Avda Coruña nº 120, Lagostelle, parcela con referencia catastral nº: 9019511NH8891N0001FB, redactado pola arquitecta dona Ana Rodríguez Fernández.

-Informe da arquitecta técnica municipal de data 27/02/2020.

-Informe xurídico de secretaría de data 28/02/2020.

-Acordo de Xunta de Goberno Local de 4 de marzo de 2020 onde se acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o estudo de detalle da parcela con referencia catastral nº: 9019511NH8891N0001FB situada na Avda Coruña nº 120, Lagostelle, presentado en data 4/07/2019 por dona Ana Rodríguez Fernández en representación de don Miguel Vázquez Seoane.

SEGUNDO.- Someter o expediente ao trámite de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará en o Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello e notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos."

-Vistos os anuncios publicados no Diario o Progreso de data 11/03/2020 e no DOGA de data 31/03/2020.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ53 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 74



Concello de Guitiriz

-Visto o informe de rexistro de 13/07/2020 conforme no constan presentadas alegacións.

-Decreto de alcaldía de data 14/07/2020 do seguinte tenor literal:

"PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle da parcela con referencia catastral nº: 9019511NH8891N0001FB situada na Avda Coruña nº 120, Lagostelle, presentado en data 4/07/2019 por dona Ana Rodríguez Fernández en representación de don Miguel Vázquez Seoane.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación definitiva do estudo de detalle non é a alcaldía, se non o Pleno da Corporación, tal e como constaba no informe xurídico de secretaria de data 28/02/2020 que se transcribe a continuación, o acto sería anulable e podería ser convalidado polo Pleno da Corporación:

*"(...) E. Concluído o período de información pública, presentadas as alegacións e informadas as mesmas, o Pleno do Concello **aprobará definitivamente** o estudo de detalle, de conformidade co artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que outorga a este órgano municipal a competencia para a aprobación, que poña fin á tramitación municipal, dos instrumentos de ordenación previstos na Lexislación urbanística, entre eles, por tanto, dos estudos de detalle."*

O artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que a Administración poderá convalidar os actos anulables, subsanando os vicios de que adolezcan.

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 9 de novembro, e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle da parcela con referencia catastral nº: 9019511NH8891N0001FB situada na Avda Coruña nº 120, Lagostelle, presentado en data 4/07/2019 por dona Ana Rodríguez Fernández en representación de don Miguel Vázquez Seoane.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e publicalo, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que integran o estudo de detalle así como o índice de planos do mesmo no Boletín Oficial da Provincia.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

TERCEIRO.- Comunicar o acordo á consellería competente en materia de urbanismo, á vez que se lle dará traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente diligenciado, para a súa inscrición no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia. No Anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería, xa que a inscrición no Rexistro de Plan será condición para a publicación e eficacia do acto de aprobación definitiva."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que a parcela obxecto do estudo de detalle sita na Avda. Da Coruña 120 – Lagostelle, atopase nos planos de ordenación en solo urbano, ordenanza de usos mixtos. Atendendo ao disposto nas normas subsidiarias do planeamento municipal existente, determinase que previamente a concesión da licenza de edificación, redactarase un estudo de detalle para posteriormente poder solicitar licenza de edificación dunha vivenda unifamiliar na mencionada parcela e visto o informe da arquitecta técnica municipal de 27/02/2020 e informe xurídico a secretaría de 28/02/2020, acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de marzo do mesmo ano, anuncio do Progreso de 11/03/2020 e no DOG de 31/03/2020 e no informe do rexistro xeral do concello conforme non constan alegacións presentadas de data 13/07/2020.

Tendo en conta que o órgano competente para a súa aprobación definitiva e o Pleno e vistos os antecedentes o noso voto é favorable.

O voceiro do grupo BNG di que non sei si está dentro as normas subsidiarias ou do novo Plan Xeral, en calquera caso votaremos a favor, xa nos gustaría que viñeran ao Pleno máis propostas de urbanización para o noso concello.

A Sra. Alcaldesa di que entende que esta dentro das normas subsidiarias xa que o Plan acaba de entrar en vigor no mes de novembro.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento das escolas deportivas municipais. Expte: 518/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento das escolas deportivas municipais. Expte: 518/2020.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ53 | Corrección: <https://guitiriz.sectelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14



Concello de Guitiriz

Por providencia da alcaldía de data 10/09/2020 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación dun Regulamento de funcionamento das escolas deportivas municipais de Guitiriz.

Visto o proxecto de regulamento Regulamento de funcionamento das escolas deportivas municipais de Guitiriz redactado polo servizos municipais no mes de setembro.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 11/09/2020.

Visto o trámite de consulta previa do proxecto de regulamento na páxina web municipal de data 13/09/2020, co correspondente anuncio e borrador do proxecto de regulamento inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais, os usuarios deste servizo municipal ou calquera interesado poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras, sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso, as posibles solucións alternativas.

Visto que non se presentou ningunha alegación ou suxerencia durante o período da consulta previa e o borrador definitivo do regulamento redactado polo servizos municipais no mes de outubro.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o seguinte Regulamento de funcionamento das escolas deportivas municipais de Guitiriz:

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

INDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Finalidade

Título I. COMPOSICIÓN E ESTRUTURA

Artigo 3. Concellería de deportes

Artigo 4. Coordinación deportiva

Artigo 5. Monitores/as, profesores/as ou adestradores/as

Título II. USUARIOS/AS

Artigo 6. Alumnado

Artigo 7. Pais, nais e alumnos/as adultos/as

Artigo 8. Beneficiarios/as

Artigo 9. Dereitos dos/as usuarios/as

Artigo 10. Inscripción

Artigo 11. Inicio e duración do curso

Artigo 12. Asistencias

Artigo 13. Réxime económico financeiro

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Artigo 14. Réxime de adestramentos ou clases

Título III. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 15. Cumprimento das obrigacións.

Artigo 16. Infraccións

Artigo 17. Sancións

EXPOSICION DE MOTIVOS

Os poderes públicos, conforme ao artigo 43.3 da Constitución Española de 1978 deben promover a educación física e o deporte, facilitando a adecuada utilización do lecer.

O deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade.

O título II da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, delimita as competencias das distintas administracións públicas en materia de actividade física e de deporte, como consecuencia da vocación xeralista da propia norma e da necesidade de conseguir que a actuación do conxunto dos poderes públicos responda a criterios e obxectivos comúns.

A citada lei no seu artigo 8 fala das competencias e obrigas dos municipios en canto a deporte se refire: Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ53 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14



Concello de Guitiriz

1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.
3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación axeitada do persoal responsable para esas finalidades.
4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.
6. Procurar que nos plans de promoción urbanística se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica de deporte, así como a instalación de equipamentos deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública como privada.
7. Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.
8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

10. Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a achegar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións.

Neste sentido, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dentro das materias que constitúen competencias dos municipios, contempla a promoción do deporte e instalacións deportivas, e a de ocupación do tempo libre.

As escolas deportivas municipais funcionan de acordo cun programa municipal que persegue, como obxectivo prioritario, fomentar a práctica da actividade física entre a poboación do municipio, tanto en idades escolares -comprendidas entre os 4 e os 18 anos- como en adultos, naquelas actividades ofrecidas especificamente para eles ou que poden ser compartidas. Este programa desenvólvese nas distintas instalacións deportivas municipais.

Desde o concello de Guitiriz, considérase este programa deportivo como un dos máis importante de cuantos se realizan, tanto polo seu significado, ao estar orientado, por unha banda, á poboación infantil e xuvenil nun aspecto tan primordial para o desenvolvemento como é o deportivo, como por contribución a un gran labor educativo de creación de hábitos saudables e o encauzamento da xuventude cara a actitudes positivas na vida, marcadas entre outros aspectos polo esforzo persoal e o compañeirismo, e para que esta actividade e hábitos poidanse continuar en idade adulta a través das ofertas específicas para eles.

É por iso que o concello de Guitiriz que promociona o deporte, debe ocuparse da regulación do funcionamento das escolas deportivas municipais, polo que se propón a aprobación deste regulamento.

Para efectos de aplicación deste regulamento, será o concello quen clasifique o tipo de actividade: adestramento federado, competición federada, uso libre, actividades físico-deportivas, festivais e actos non deportivos.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

-Enténdese como -adestramento federado- a práctica da modalidade deportiva con fin de participación en competición federada por entidades deportivas. Será necesario acreditarlo coa licenza federativa correspondente.

-Enténdese como -competición federada- toda competición das modalidades deportivas recoñecidas polo Consello Superior de Deportes, ou a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, organizada por entidades deportivas. Será necesario acreditar certificación correspondente de participación en competicións federadas.

-Enténdese como -actividades físico deportiva- campus, cursos, competición non federada, práctica de calquera modalidade deportiva e outras actividades de tipo docente, organizada por entidades deportivas ou federacións.

- Enténdese como –uso libre- partidos, xogos deportivos e práctica deportiva en xeral por persoas físicas e non profesional.

- Enténdese como -festivais e actos non deportivos- todos aqueles non recollidos nos supostos anteriores.

O artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, baixo a rúbrica de “principios de boa regulación” dispón que no exercicio da potestade regulamentaria as administracións públicas deberán axustarse aos seguintes principios: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, xustificando o seu cumprimento na exposición de motivos da norma.

“1. En el ejercicio de la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria, las Administraciones Públicas actuarán de acuerdo con los principios de necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia. En la exposición de motivos o en el preámbulo, según se trate, respectivamente, de anteproyectos de ley o de proyectos de reglamento, quedará suficientemente justificada su adecuación a dichos principios.”

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

2. En virtud de los principios de necesidad y eficacia, la iniciativa normativa debe estar justificada por una razón de interés general, basarse en una identificación clara de los fines perseguidos y ser el instrumento más adecuado para garantizar su consecución.

3. En virtud del principio de proporcionalidad, la iniciativa que se proponga deberá contener la regulación imprescindible para atender la necesidad a cubrir con la norma, tras constatar que no existen otras medidas menos restrictivas de derechos, o que impongan menos obligaciones a los destinatarios.

4. A fin de garantizar el principio de seguridad jurídica, la iniciativa normativa se ejercerá de manera coherente con el resto del ordenamiento jurídico, nacional y de la Unión Europea, para generar un marco normativo estable, predecible, integrado, claro y de certidumbre, que facilite su conocimiento y comprensión y, en consecuencia, la actuación y toma de decisiones de las personas y empresas.

Cuando en materia de procedimiento administrativo la iniciativa normativa establezca trámites adicionales o distintos a los contemplados en esta Ley, éstos deberán ser justificados atendiendo a la singularidad de la materia o a los fines perseguidos por la propuesta. (...).

5. En aplicación del principio de transparencia, las Administraciones Públicas posibilitarán el acceso sencillo, universal y actualizado a la normativa en vigor y los documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas.

6. En aplicación del principio de eficiencia, la iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias o accesorias y racionalizar, en su aplicación, la gestión de los recursos públicos.

7. Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera."

En canto aos principios de necesidade e eficacia, considérase moi necesario que o concello de Guitiriz dispoña dunha regulación específica e detallada das distintas modalidades deportivas que imparte e dos dereitos e obrigas dos usuarios das escolas deportivas, dado que esta regulación contribúe á consecución dos fins de interese público perseguidos, e este regulamento e o instrumento normativo máis idóneo para elo.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

En canto ao principio de proporcionalidade, o regulamento que se propón límitase a regulación dos aspectos esenciais para o bo funcionamento das escolas deportivas, co contido imprescindible e menos restrictivo de dereitos.

Con respecto ao principio de seguridade xurídica, o regulamento fundaméntase na regulación estatal e autonómica en materia de deportes e ocupación do tempo libre, coas peculiaridades propias das actividades deportivas municipais, coa finalidade de ter un coñecemento e comprensión da regulación e finalidades perseguidas.

En canto ao principio de transparencia, o borrador desde regulamento someteuse ao trámite de audiencia previa para posibilitar a participación activa dos interesados na súa redacción conforme ao artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Con respecto ao principio de eficiencia, esta iniciativa normativa evita calquera tipo de cargas administrativas innecesarias ou accesorias, co finalidade de racionalizar, en su aplicación, a gestión de los recursos públicos.

Por último, dado que esta iniciativa normativa non afecta aos gastos o ingresos públicos presentes ou futuros, non se cuantifican ni valoran as súas repercusións e efectos no marco do cumprimento dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.”

TITULO PRELIMINAR

Artigo 1.-Obxecto.

1.-É obxecto do presente regulamento a regulación do servizo de escolas deportivas municipais prestadas no concello de Guitiriz, ben directamente, a través dos seus propios servizos ou mediante xestión indirecta, nas modalidades previstas na lexislación vixente.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

2.-Teñen a condición de escolas deportivas municipais ou actividades deportivas municipais ademais das que están en funcionamento (fútbol sala, voleibol, baloncesto, ximnasia de mantemento, pilates, ioga, atletismo, actividades aeróbicas, patinaxe, rítmica, tenis de mesa, tenis, baile deportivo, golf, artes marciais, taichí, tiro con arco, ciclismo e calquera outro recoñecido por C.S.D) todas aquelas que con este carácter acorde constituír o órgano competente, de acordo coa normativa de réxime local.

Artigo 2.-Finalidade

1.-As escolas deportivas municipais do concello de Guitiriz teñen por finalidade xeral, por unha banda, ofrecer á poboación escolar do municipio unha formación práctica nas diferentes modalidades deportivas, de forma programada e continuada ao longo de cursos completos nas que se articule a oferta de escolas deportivas e por outra, a ocupación do tempo de lecer, posta en forma ou mantemento daqueles adultos que desexen facer uso das as ofertas deportivas das mesmas.

2.-As escolas deportivas municipais, nas súas diferentes modalidades, non pretenden exclusivamente a instrución físico-deportiva, nin teñen como obxecto a consecución de éxitos deportivos, senón que a súa pretensión é conseguir, a través do exercicio físico e a práctica do deporte, os seguintes obxectivos:

- a) A realización da actividade física, mellorando a condición física dos/as nenos/as, xoves e adultos, evitando así o sedentarismo, con todos os beneficios que iso con leva.
- b) A conversión da práctica deportiva e das condutas saudables asociadas ao deporte, en hábitos perdurables ao longo da vida dos nosos/as veciños/as.
- c) A integración de nenos/as, xoves e adultos nunha contorna deportiva próxima ao lugar de residencia, fomentando as relacións sociais.
- d) A formación adecuada da poboación en hábitos, valores e actitudes beneficiosas, tanto para o seu desenvolvemento físico como persoal, tales como o sacrificio, compañeirismo, responsabilidade, disciplina, solidariedade, deportividade, tolerancia e sobre todo, o respecto propio e cara aos demais.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

- e) A creación dun clima de convivencia e integración, conseguindo que os/as nenos/as, xoves e adultos gocen do deporte e da actividade física.
- f) O ensino a nenos/as e xoves da aceptación das regras do xogo e a súa normativa, que son extensivas aos casos que a actividade ofertada aos adultos con leve a participación en competicións.

TITULO I.- COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA

Artigo 3.- Concellaría de deportes

1.-A xestión das escolas deportivas municipais corresponden á concellería de deportes por delegación da alcaldía.

2.-A concellería de deportes poderá variar o número de escolas e/ou equipos segundo as necesidades aconsellen, correspondendo a esta concellería as seguintes atribucións:

- a)-Representar ás escolas deportivas municipais nos actos nos que estas participen, cando iso sexa delegado por alcaldía.
- b)-Tomar as decisións relativas a actividades, acontecementos deportivos, medios materiais e humanos etc.
- c)-Velar polo bo funcionamento das escolas deportivas municipais.
- d)-Achegar o material deportivo necesario para o desenvolvemento das actividades.

Artigo 4.-Coordinación deportiva.

1.-O/A encargado/a de deportes do concello de Guitiriz, será tamén o/a técnico/a que

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

coordinará as escolas deportivas municipais, tendo entre outras funcións, as de xestión, seguimento e control de equipos e alumnos/as, en todas as categorías e idades, vixiando o adecuado cumprimento da formación integral dos/as alumnos/as das escolas deportivas municipais.

2.-Igualmente encargarse de solventar calquera dúbida, petición ou reclamación dos alumnos/as, pais/nais e monitores/as ou adestradores/as. Dentro das súas facultades, atópanse tamén a de cambiar aos xogadores/as de equipos ou categorías, sempre que non se incumpran os regulamentos ou normativas das federacións ou outros estamentos, así como a de propoñer á concellería de deportes, o cesamento de calquera monitor/a ou adestrador/a que non cumpra coas súas obrigacións.

3.-Todas as actividades realizaranse gardando as mesmas formas, respecto e compostura esixidos aos compoñentes das escolas deportivas municipais, baixo a supervisión e instrución da concellería de deportes e alcaldía.

Artigo 5.-Monitores/as, profesores/as ou adestradores/as.

As funcións dos/as monitores/as-adestradores/as son:

1.-Atender directamente a actividade do grupo ou equipo da escola que teña asignado, nos horarios de adestramento e de competición.

2.-Velar polo bo uso e conservación das instalacións e materiais durante o tempo de uso que se lle asigne a cada grupo, así como o material deportivo.

3.-Desenvolver nas sesións os criterios técnicos, didácticos e metodolóxicos establecidos para o seu grupo polo coordinador/a.

4.-Acudir ás reunións periódicas que convoque o técnico/a que coordine a escola e seguir en todo momento as directrices marcadas por el/ela.

5.-Encher a fichas de seguimento correspondentes ao seu grupo ou equipo da escola.

6.-Velar polo correcto comportamento do alumnado nas clases dentro e fóra do terreo deportivo, e en horario de ensino ou competición.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

7.-Atender en primeira instancia aos pais, nais ou responsables dos/as alumnos/as menores de idade e no caso dos adultos a todos os que participen na actividade.

8.-Tratar a todos os/as alumnos/as por igual, en caso dos menores, con independencia de que dispoñan ou non de ficha federativa.

9.-No caso de participar en competicións, tratar aos membros e compoñentes dos equipos contrarios, así como aos árbitros ou calquera outra persoa que interveña nas escolas deportivas, coa máxima cordialidade, respecto e colaboración.

10.-Para quen dirixa equipos en competición, informarse do día e hora da celebración dos adestramentos e partidos e da súa notificación aos/as xogadores/as e pais/nais.

11.-Ter respecto máximo e consideración cara ao funcionamento das escolas así como ás decisións que se tomen nas mesmas, o que se fai extensible a todos/as os/as alumnos/as e ao persoal das mesmas.

12.-Dirixir o adestramento e os partidos sen utilizar malos modos cos/as xogadores/as, tratándoos con respecto e educación.

13.-Non fumar nin consumir bebidas alcohólicas, ou calquera outra substancia nociva, no desempeño das súas funcións, con anterioridade e posterioridade aos adestramentos e partidos. Cando teña aos/as alumnos/as ao seu cargo non utilizar os móbiles durante as sesións nin partidos, excepto por unha urxencia.

14.-Recibir a información ou documentación referente aos seus equipos, que se lles facilitará polo coordinador.

15.-Como representación e imaxe do propio concello, o trato os/as alumnos/as e así mesmo o destes e os seus dirixentes (monitores/as, profesores/as, adestradores/as e directivos/as) deberá ser o máis correcto e respectuoso posible, tanto coas normas de uso interno, como coas que rexen na competición, así como cos/as árbitros/as e compoñentes doutros equipos, prestando a maior colaboración en cantas cuestións xurdan.

16.-Calquera outra tarefa análoga que se lle encomende.

17.-Custodiar e respectar pola lei de protección de datos as listaxes con datos do alumnado.

TITULO II.- USUARIOS/AS

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Artigo 6.-Alumnado.

1.-Todo o alumnado posuirá idénticos dereitos e obrigacións dentro da escola, sen discriminacións de ningún tipo.

2.-Os dereitos do alumnado son os seguintes :

a) Participar nas clases ou adestramentos a un nivel compatible coa madurez e facultades de cada alumno/a.

b) Sempre que existan posibilidades e medios para elo, participar en competicións a un nivel compatible coa madurez e facultades de cada alumno/a, baixo o criterio técnico establecido polo/a técnico/a de deportes, en réxime de igualdade co resto de alumnos/as e baixo o cumprimento dos deberes que lles incumbe.

c) Contar con profesores/as, monitores/as ou adestradores/as responsables e debidamente cualificados/as que lles ensinen.

d) Ter o material necesario para as clases, os equipamentos ou roupa que necesiten para as clases ou competicións serán compradas polo alumnado, segundo directrices das escolas, de que cor e tipo de roupa, sendo esta propiedade do alumno/a.

e) Ser tratado con dignidade.

f) Participar nun ambiente san e seguro.

3.-As obrigacións do alumnado son as seguintes :

a) Observar en todo momento un comportamento correcto aos seus compañeiros/as, profesores/as, monitores/as, árbitros, adversarios/as, espectadores/as etc.

b) Seguir as indicacións técnicas e de comportamento marcadas polo/a técnico/a de deportes, monitores/as, profesores/as ou adestradores/as e demais responsables das escolas deportivas municipais.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 74



Concello de Guitiriz

- c) Respectar o regulamento de uso e funcionamento dos polideportivos e instalacións municipais de Guitiriz, onde se desenvolva a actividade.
- d) Participar nas clases, entrenos e competicións no seu caso, marcados pola dirección das escolas.
- e) Realizar os pagos e presentar a documentación obrigatoria nos prazos estipulados. Aquel alumno/a que teña un recibo devolto non poderá seguir ata que sexa efectivo. Se queda algún recibo sen pagar para a tempada que vén non se poderá anotar ás escolas mentres non se paguen. Calquera alumno/a con problemas económicos debe poñelo en coñecemento da dirección das escolas, para estudalo e poder ter dereito a descontos ou exencións de pago segundo as circunstancias. Deberán comunicarse as baixas das escolas no concello antes de comezar o mes, para que non lle pasen o recibo.
- f) Respectar e coidar o material.
- g) Manter o compromiso coa escola durante o tempo que dure a ficha federativa e o curso da modalidade deportiva correspondente.
- h) Asistir a clases ou entrenos, a ausencia dun mes sen causa xustificada implicará perda da praza como alumno/a.
- i) Ningún/a alumno/a menor de idade poderá marchar só, nin vir buscalo ninguén que non sexan os seus pais ou titores legais, sen previo aviso e asinar unha autorización, onde os seus pais ou titores legais autorízanos.

Artigo 7.-Pais, nais e alumnos/as adultos/as.

1.-A inscrición do alumnado nas escolas deportiva municipais supón o coñecemento por parte dos adultos/as, pais e nais dos menores, do ideario e demais normativa das escolas, debendo cumprir as mesmas, e no caso dos responsables dos/as menores procurando que estes as respecten.

2.-Os dereitos e obrigacións dos/as alumnos/as, pais e nais do alumnado recollidos no presente regulamento, entenderanse referidos no caso de ausencia destes, ao titor/a ou representante legal do alumno/a -menor de idade -, sendo os mesmos os seguintes:

- a) Facilitar, ao principio de cada tempada, os datos identificativos, administrativos e

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

autorizacións pertinentes, que lles sexan solicitados desde as escolas deportivas municipais.

b) Responsabilizarse de que a documentación presentada, estea en vigor e de entregala nos prazos estipulados.

c) Comprometerse a efectuar os pagos na forma e prazos legalmente establecidos, para formar parte das escolas.

d) Asistir ou levar aos fillos/as con puntualidade ás clases ou entrenos, así como a eventos cívicos e deportivos programados.

e) No caso de que os menores compitan, procurar acompañar ao equipo e colaborar no desprazamento dos/as xogadores/as ás instalacións deportivas alleas, cando o concello non poña transporte ou as institucións pertinentes.

f) Deberán de absterse durante o desenvolvemento dos entrenos ou partidos, incluídos os descansos, de aconsellar ou recomendar, tanto aos xogadores/as como aos adestradores/as, accións que sexan competencia exclusiva do adestrador/a ou monitor/a.

g) Asumir as decisións dos/as adestradores/as ou o/a coordinador/a que afecten o equipo do seu fillo/para respectando as indicacións dos/as adestradores/as en entrenos ou partidos.

h) Absterse de utilizar un vocabulario soez ou de ter actitudes pouco correctas cos árbitros, adestradores/as, xogadores/as e pais/nais, propios e contrarios.

l) Facilitar e apoiar o labor dos/as adestradores/as e delegados/as de equipo,

j) As escolas terán un seguro de responsabilidade civil do concello, así como un seguro médico para as distintas actividades que non sexan a través de federacións ou Xunta de Galicia, as cales terán o seu seguro aparte. Calquera alumno/a que teña que ser atendido por lesións producidas en calquera actividade, deberá comunicalo ao adestrador/a ou monitor/a, e este saberá o que ten que facer cumprindo o protocolo. Calquera alumno/a que utilice o seguro médico pola súa conta tanto privado como público será baixo a súa responsabilidade, e facturaranlle a consulta ao alumno/a, non facéndose responsable as escolas deportivas municipais.

k) Animar, axudar e colaborar en todo aquilo que favoreza a boa marcha das escolas.

l) Ser informados da marcha deportiva e do comportamento dos seus fillos/as.

m) Será responsabilidade de quen faga fotos ou grave vídeos nos recintos deportivos municipais e a súa mala utilización.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Artigo 8.-Beneficiarios/as.

Poderán ser beneficiarios/as do servizo de escolas deportivas municipais de Guitiriz tanto a poboación infantil e xuvenil con idades entre os 4 e 18 anos de idade, como aqueles adultos que desexen participar da oferta de actividades destinadas para eles/ as.

Artigo 9.-Dereitos dos/las usuarios/as.

1.-Os/as usuarios/as do servizo teñen dereito a recibir a prestación das escolas, nas diferentes modalidades existentes, como naquelas outras que poidan crearse no futuro, en réxime de igualdade e de acordo co establecido neste regulamento e demais normativa de aplicación, partindo das sesións programadas xa sexan de clases aprendizaxe deportiva e a utilización de instalacións deportivas municipais.

2.-O material docente necesario será achegado polo concello ou no seu caso pola empresa que xestione o servizo, salvo patíns, raquetas ou calquera material considerado de carácter persoal.

Artigo 10.- Inscripción

1.-Con carácter anual informarase, mediante a páxina web do concello, a cartelería e en prensa, ou no seu caso en calquera outro medio que se considere adecuado, a apertura do prazo para solicitar a inscrición nas diferentes escolas deportivas municipais. Con carácter xeral o prazo de inscrición abrirase en maio para fútbol sala, e en setembro para o resto de actividades, e en ningún caso será inferior a 15 días hábiles.

2.-As solicitudes de inscrición realizaranse no rexistro xeral do concello de Guitiriz, en modelo normalizado aprobado para o efecto. A admisión de alumnos/as farase por rigorosa orde de inscrición, no caso de que presenten máis solicitudes de alumnos/as que prazas dispoñibles.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Cubertas as prazas anualmente dispoñibles, procederáse a constituír unha lista de espera, inscribíndose na mesma os/as alumnos/as que non teñan praza a efectos de que, con toda a garantía sinalada no apartado anterior, procederáse á cobertura de vacantes ou baixas que se produzan durante o curso sempre que sexa posible tecnicamente.

3.-Se na documentación presentada xunto coa solicitude de inscrición se observasen omisións ou algunha incorrección requirirase ao interesado/a, de conformidade co indicado no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, para a súa subsanación no prazo de dez días hábiles a computar desde a notificación do requirimento, de maneira que, se non se emendase en prazo, terase por desistido no seu dereito.

Artigo 11.- Inicio e duración do curso

1.-Previo inicio das escolas, o concello de Guitiriz, a través do técnico/a de deportes, se fose necesario convocará unha reunión informativa de todas as escolas ou por separado, onde se dará coñecemento do inicio e horarios de clases e entrenos, así como do funcionamento das escolas. Tamén se poderá informar do inicio e horario das escolas vía páxina web e cartelería.

2.-As clases nas escolas iniciaranse con carácter xeral o 1 de outubro e terán os mesmos períodos vacacionais que os sinalados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e terminarán o 31 de maio. En caso da escola de fútbol sala federada empezarán en setembro e terminará en xuño por motivo das competicións.

Os paros na actividade dos adultos nos períodos de vacacións, dentro do curso das escolas, poden diferir dos paros das actividades dos/as nenos/as.

Artigo 12.- Asistencias.

1.-A non asistencia ás clases ou entrenos -partidos, sen causa xustificada, de máis

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

de 3 días seguidos ou dun mes en días alternos, será causa para acordar a baixa do alumno/a, procedéndose a cubrir a praza na forma descrita no apartado deste artigo.

2.-O/a alumno/a que, por enfermidade ou calquera outra causa (viaxe-traballo, ect.) teña que deixar de asistir ás clases ou entrenos durante un período de tempo prolongado, e desexe continuar mantendo a praza deberá comunicalo e ademais xustificalo por escrito nas oficinas do concello, para que non sexa dado de baixa, só por enfermidade ou lesión non se pasará a cota, calquera outro caso terá que seguir pagando.

Artigo 13.- Réxime económico financeiro.

1.-O servizo das escolas deportivas municipais finánciase coas tarifas que se perciban dos usuarios/as, a achega do Concello, así como por calquera doutros ingresos de dereito público ou privado se os houbese.

2.-Os/as usuarios/as deberán satisfacer, unha vez sexan admitidos/as nas escolas e sexan coñecedores dos horarios o correspondente prezo público, aprobado para o efecto pola corporación municipal, mediante ordenanza fiscal.

3.-As tarifas poderán ser revisadas anualmente para adecualas á valoración dos custos reais procurando que a súa entrada en vigor coincida co comezo do curso. Nesta revisión poderán incorporarse prezos en materias novas que se impartan na escola ou suprimirse prezos de materias que deixan de impartirse.

4.-Só se procederá á devolución do importe das taxas naqueles casos, que pola gravidade do suceso, cambio de residencia, lesión longa ou enfermidade que se xustifique. Na devolución contemplaríase, segundo o caso, o total do importe ou a parte proporcional sobre o total abonado.

Artigo 14.- Réxime de adestramentos ou clases.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

1.-As clases e entrenos das escolas efectuaranse a porta pechada, salvo autorización da concellería de deportes. Só poderán acceder aos mesmos os/as alumnos/as inscritos na actividade.

2.-Os horarios serán fixados e distribuídos pola concellería de deportes, a través do seu técnico/a de deportes e atendendo ás circunstancias concorrentes de acordo co establecido no artigo 11 do presente regulamento.

3.-Os profesores/as, monitores/as ou adestradores/as deberán estar presentes nos entrenos ou clases que lles corresponda, como mínimo 15 minutos antes de empezar os mesmos, de maneira que poidan organizar o material para utilizar e o acceso dos alumnos/as á instalación, vestiario e á pista.

4.-En todas as sesións de adestramento os/as profesores/as ou monitores/as anotarán a asistencia, e terana preparada para cando a pida o/a técnico/a de deportes.

5.-Nas clases e entrenos non poderá participar ningún alumno/a que non estea previamente dado de alta e admitido na escola con seguro deportivo e que non figure na relación co visto e prace do encargado/a de deportes, que lle será entregado ao monitor/a.

6.-As zonas utilizadas para a aprendizaxe deberán quedar en perfecto estado unha vez finalizada a actividade, retirando calquera material que se utilizase, que deberá ser posto no seu lugar.

7.-Durante os entrenos ou clases e partidos o/a monitor/a será o máximo responsable dos/as alumnos/as e de canto poida ocorrer no transcurso dos mesmos, polo incorrecto uso do material, instalacións ou actividades ordenadas por eles.

8.-O desenvolvemento do adestramento correrá a cargo do monitor/a de o equipo, o cal o levará a cabo segundo criterios técnicos deportivos e cumprindo as directrices de traballo que se indiquen desde a concellería de deportes.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 74



Concello de Guitiriz

9.-Se o monitor/a correspondente dunha actividade está de baixa ou non puido vir un día por causa de forza maior, tentarase cubrir a súa ausencia canto antes, ou se recuperaríase a clase outro día.

10.-Os/as alumnos/as poderán utilizar as duchas ao final das clases ou partidos, dispoñendo para iso de 15 minutos.

11.-Se se suspende un entreno ou clase porque o concello necesita a instalación para outra actividade ou partido, avisarase con tempo suficiente aos/as alumnos/as. Estas clases ou entrenos recuperaranse outro día ou se reaxustará con outros grupos, dándolle sempre solución para non perder as clases.

12.-Está prohibido levar aos entrenos -partidos e outras actividades que organice a concellería de deportes, móbiles- tablets etc., a menores de 13 anos, serán responsables os seus pais ou titores.

Os maiores que os leven non poderán utilizalos nas horas de clase ou entreno nin nos vestiarios, só cando o monitor o autorice. Calquera problema con estes dispositivos será responsabilidade dos seus pais ou titores. Se algún alumno/a por calquera motivo necesita chamar, dirallo ao monitor/a.

TITULO III.- REXIME SANCIONADOR.

Artigo 15.- Cumprimento das obrigacións.

1.-A concellería de deportes, o/a técnico/a de deportes, a empresa contratista dos/as monitores/ as, e os/as monitores/as das distintas actividades, poñerán especial coidado na prevención do cumprimento das obrigacións establecidas nesta normativa, mediante a colaboración constante.

2.-Os/as profesores/as, monitores/as ou adestradores/as poderán adoptar as medidas inmediatas que consideren pertinentes para manter a orde dentro do

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

equipo, comunicándoas, coa maior brevidade posible, ao técnico/a de deportes, sen prexuízo de accións posteriores.

Artigo 16.-Infraccións

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, tal e como se sinala a continuación:

A.-Infraccións leves.

- 1.-Faltas inxustificadas de puntualidade.
- 2.-Faltas inxustificadas non reiteradas a entrenos.
- 3.-Non comunicar ao monitor/a anomalía ou falta de asistencia a clase, entrenos ou partidos coa suficiente antelación cando isto sexa posible.
- 4.-Actitude pasiva nos entrenos ou clases e partidos.
- 5.-Falta de respecto aos/as compañeiros/as, monitores/as nos entrenos, partidos, outras actividades e desprazamentos, así como esta actitude con outros xogadores/as ou árbitros.
- 6.-Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas non graves.
- 7.-Calquera acto inxustifico que altere levemente o normal desenvolvemento das actividades das escolas deportivas municipais.
- 8.-O incumprimento do establecido neste regulamento, sempre que non estea calificado como infracción grave ou moi grave.

B.-Infraccións graves.

- 1.-Faltas inxustificadas e reiteradas de asistencia a clase- entrenos ou partidos.
- 2.-Falta de respecto reiterado e continuo a compañeiros/as, adestradores/as, así como calquera comportamento incorrecto e falta de respecto de carácter grave que se leve a cabo nas clases ou desprazamentos.
- 3.-Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa aos membros das escolas deportivas

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

e as persoas que interveñen nas mesmas, e outros actos graves en deterioro da imaxe das escolas.

4.-A agresión física grave a membros das escolas ou doutros equipos, así como a árbitros ou espectadores/as.

5.-Os actos inxustificadas que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades das escolas.

6.-A comisión de tres infraccións leves nun mesmo curso ou tempada.

C.-Infraccións moi graves.

1.-Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa moi grave aos membros das escolas e ás persoas que interveñen nas mesmas, e outros actos graves en deterioro da imaxe das escolas deportivas municipais.

2.-A agresión física moi grave a membros das escolas ou doutros equipos, así como árbitros, espectadores/as etc.

3.-O comportamento impropio ou antideportivo dos/as profesores/as, monitores/as ou adestradores/as.

4.-A comisión de tres infraccións graves durante unha mesma tempada.

5.-A utilización de dispositivos móbiles en sitios prohibidos, ou a mala utilización das fotos ou vídeos.

Artigo 17.-Sancións

1.-Os actos constitutivos de infracción, serán sancionados conforme se dispón neste artigo. Para a gradación das sancións teranse en conta, a intencionalidade, negligencia ou a gravidade da acción cometida.

2.-Como consecuencia das infraccións leves, poderase impoñer unha sanción consistente na perda de asistencia a entenos ou a participar co equipo nas competicións atendendo ás circunstancias concorrentes.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

3.-Como consecuencia das infraccións graves, poderase impoñer unha sanción consistente na suspensión da asistencia ás clases ou á práctica deportiva por un tempo comprendido entre 8 días e os 3 meses, atendendo ás circunstancias concurrentes.

4.-Como consecuencia das infraccións moi graves, poderase impoñer unha sanción consistente na perda da condición de persoa usuaria das escolas. A perda da condición de persoa usuaria, como consecuencia da sanción con leva a perda da taxa que se abonou.

5.-No caso do comportamento impropio ou antideportivo, dos/as monitores/as ou adestradores/as, que con leve a imposición de sancións económicas por parte de organismos ou entidades, conlevará a dedución proporcional das cantidades mensuais a abonar ao monitor/a, adestrador/a, e mesmo podería levar á súa despedida como traballador/a de as escolas.

6.-En caso de incumprimento, e con independencia da sanción que, no seu caso, resulte aplicable pola comisión dunha infracción, a persoa que forme parte das escolas deberá proceder no caso de que producisen danos, á reparación, reposición e/ou abono dos danos causados.

7.-Iniciado o expediente sancionador, poderase adoptar en calquera momento do mesmo, as medidas provisionais imprescindibles para o normal desenvolvemento do procedemento, asegurar o procedemento da sanción que puidese impoñerse ou evitar a comisión de novas infraccións.

8.-Calquera eventualidade non recollida nas normas de funcionamento será resolta pola concellería de deportes na forma motivada atendendo ás circunstancias concurrentes."

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo plenario."

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que o Regulamento das escolas deportivas municipais do concello desenvolve a potestade regulamentaria e a capacidade de auto organización das corporacións locais recoñecidos polos artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985. Non obstante, queremos facer a seguinte observación, no "Titulo II: usuarios/as" no seu artigo 6.3.e) expresa o seguinte:

"(...) Aquel alumno/a que teña un recibo devolto non poderá seguir ata que sexa efectivo. Se queda algún recibo sen pagar para a tempada que vén non se poderá anotar ás escolas mentres nos se paguen (...)"

Nós pensamos que isto é exaxerado xa que debemos darlle unha marxe de tempo porque o recibo pode estar devolto por un erro bancario ou por problemas económicos dos pais/nais nun momento dado. Dende o partido popular de Guitiriz pensamos que non podemos xogar coa autoestima dos nenos/as, isto para nós é inaceptable, podémolo asumir as persoas maiores pero non os cativos/as ou rapaces/as aos que se lles pode ocasionar problemas psicolóxicos ao ver como outros nenos/as poden seguir practicando deporte porque os seus pais/nais poden pagar as cantidades exixidas, e el ou eles non poden practicalo porque os seus pais/nais non poden pagar.

Polo tanto exiximos unha emenda parcial neste artigo, ben facendo unha modificación ou ben suprimíndoo, onde se especifique que ningún neno/a de Guitiriz vai quedar sen asistir as diferentes modalidades deportivas por cuestións económicas que afecten aos seus proxenitores, xa que para iso están os servizos sociais no noso concello. A concelleira que leve estes asuntos debe ser coñecedora de si unha familia en cuestión está a pasar por un mal momento económico sen que se decate o/a neno/a. Debe ser a dirección das escolas deportivas quen poña en coñecemento da concelleira de servizos sociais si algún neno/a está nesa situación, xa que estes/as non teñen problemas económicos, e no caso de que os houbera serían os seus pais/nais os que os teñen e non eles/as, podendo seguir facendo o neno/a deporte cos seus compañeiros/as na modalidade elixida.

Dicimos isto porque no punto 3.e) do artigo 6 di:

"(...) Calquera alumno/a con problemas económicos debe poñelo en coñecemento da dirección das escolas, para estudalo e poder ter dereito a descontos ou exencións de pago segundo as circunstancias (...)"

Nós non estamos de acordo, os/as alumnos/as non teñen nada que ver cos posibles problemas económicos, por iso é polo ben dos nosos nenos/as e para que a xustiza social impere ante a inxustiza económica, débese ter en conta isto que pedimos co que votaremos afirmativamente sempre e cando se teña en conta esta emenda parcial, senon absterémonos ou votaremos en contra.

O voceiro do grupo BNG di que en principio parécenos boa idea que exista un regulamento que regule para todos/as por igual o deporte no concello e en particular o funcionamento das escolas deportivas.

Aproveitando este punto, gustaríame que me aclarasen algunha cuestión, por exemplo: a que área corresponde o Slálom automobilístico que houbo en Guitiriz, porque neste regulamento que imos a aprobar non se nomea este tipo de espectáculo ou deporte, e dicir, como se trataría?

Por outro lado esa suxestión que acaba de nomear o voceiro do Partido Popular pode ser que haxa que engadila.

A Sra. Alcaldesa di que o Slálom é unha actividade federada e esta recollida no regulamento: competencia federada das modalidades deportivas recoñecidas polo Consello Superior de Deportes ou a Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia organizada por entidades deportivas será necesario acreditar certificación correspondente de participación en competicións federadas.

Entendo que o Slálom é unha competición federada e está recollida aquí no regulamento.

Respecto ao que di o voceiro do PP, evidentemente nunca se lle falou aos alumnos/as directamente da falta de pago dos recibos, sempre se fala cos pais/nais. Si o/a alumno/a é

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

menor de idade non é responsable do pago dos recibos, o responsable é o pai ou nai que de feito é o que se inscribe e a quen se lle emite o recibo.

Teño que dicir, que dende que estou eu como alcaldesa, ningún neno/a quedou fora das escolas deportivas por non ter pagado un recibo e por suposto nunca a ningún neno/a se lle dixo que tiña recibos pendentes, pero temos que ter unha lexislación ao respecto xa que a falta de pago non é sempre porque non se poda facer fronte a mesma, senón por outras cuestións como por exemplo que non acheguen un número de conta.

Dende as escolas deportivas póñense en contacto co departamento de servizos sociais e dende alí xestionase, son os encargados/as de comprobar e mirar si esa familia en concreto non se pode facer cargo dos recibos e así poder quedar exentos.

Sometida a emenda do grupo PP ao artigo 6.3 e) do regulamento a votación é aprobada por unanimidade.

Quedando o artigo 6.3 do seguinte teor literal:

Artigo 6.-Alumnado.

(...)

3.-As obrigacións do alumnado son as seguintes :

- a) Observar en todo momento un comportamento correcto aos seus compañeiros/as, profesores/as, monitores/as, árbitros, adversarios/as, espectadores/as etc.*
- b) Seguir as indicacións técnicas e de comportamento marcadas polo/a técnico/a de deportes, monitores/as, profesores/as ou adestradores/as e demais responsables das escolas deportivas municipais.*
- c) Respetar o regulamento de uso e funcionamento dos polideportivos e instalacións municipais de Guitiriz, onde se desenvolva a actividade.*
- d) Participar nas clases, entrenos e competicións no seu caso, marcados pola dirección das escolas.*
- e) Realizar os pagos e presentar a documentación obrigatoria nos prazos estipulados. Aquel alumno/a que teña un recibo devolto non poderá seguir ata que sexa efectivo. Se queda algún recibo sen pagar para a tempada que vén non se poderá anotar ás escolas mentres non se paguen. Calquera alumno/a cando sexa maior de idade ou no seu caso o/a tutor/a legal do alumno/a cando sexa menor de idade con problemas económicos debe poñelo en coñecemento da dirección das escolas, para estudalo e poder ter dereito a descontos ou exencións de pago segundo as circunstancias. Deberán comunicarse as baixas das escolas no concello antes de comezar o mes, para que non lle pasen o recibo.*
- f) Respetar e coidar o material.*
- g) Manter o compromiso coa escola durante o tempo que dure a ficha federativa e o curso da modalidade deportiva correspondente.*
- h) Asistir a clases ou entrenos, a ausencia dun mes sen causa xustificada implicará perda da praza como alumno/a.*
- i) Ningún/a alumno/a menor de idade poderá marchar só, nin vir buscalo ninguén que non sexan os seus pais ou titores legais, sen previo aviso e asinar unha autorización, onde os seus pais ou titores legais autorízanos. >>*

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG pon de manifesto que no citado Regulamento consta que se autofinancian as escolas deportivas, entón para calquera deporte federado que se faga no concello terá que haber unha partida económica nos orzamentos para este tipo de eventos?.

Responde a Sra. Alcaldesa que esas actividades van sempre a unha partida económica destinada a este tipo de eventos deportivos. Para os orzamentos do 2021 xa hai unha previsión do que se vai organizar e do custe que vai supoñer, polo que xa se pode deixar unha partida para eventos deportivos.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Aprobación inicial do regulamento do uso das vivendas municipais para persoas en situación de emerxencia social. Expte nº 120/2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO PARA O USO DAS VIVENDAS MUNICIPAIS POR PERSOAS EN SITUACION DE EMERXENCIA SOCIAL. EXPTE Nº 120/2019.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de aprobar unha ordenanza municipal reguladora do uso e aluguer das vivendas municipais, e visto o Plan Normativo Municipal para o ano 2019 aprobado por acordo plenario de data 29/11/2018 que recolle esta ordenanza no apartado de ordenanzas de nova creación.

Por providencia da alcaldía de data 6/02/2019 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación para a aprobación dunha ordenanza municipal reguladora do uso e aluguer das vivendas municipais.

Visto o proxecto de Regulamento para o uso das vivendas municipais por persoas en situación de emerxencia social redactado polo servizos municipais.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 6/02/2019.

Visto que se efectuou o trámite de consulta previa entre os días 26/10/2020 e 16/11/2020 sen que se presentaran alegacións ou suxerencias ao texto normativo publicado.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento para o uso das vivendas

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 e 74



Concello de Guitiriz

municipais por persoas en situación de emerxencia social que se transcribe a continuación:

“REGULAMENTO PARA USO DE VIVENDAS MUNICIPAIS POR PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

INDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Artigo 1. Finalidade

Artigo 2º.-Réxime xurídico.

Artigo 3. Requisitos e condicións para o ingreso.

Artigo 4. Prazo de duración da autorización.

Artigo 5º.- Procedemento xeral de autorización.

Artigo 6º.- Autorización en supostos de emerxencia.

Artigo 7º.-Obrigas dos adxudicatarios das vivendas.

Artigo 8.- Extinción do dereito de ocupación temporal. Revogación.

Artigo 9.- Protección de datos.

DISPOSICIÓN FINAL UNICA. Entrada en vigor.

REGULAMENTO PARA USO DE VIVENDAS MUNICIPAIS POR PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Guitiriz é titular de dúas escolas rehabilitadas, unha situada na parroquia de Becín e outra en Campoverde, na parroquia do Buriz. A Escola de Becín consta de planta baixa e 1ª planta (ámbas-las dúas independentes). A planta baixa empregase a día de hoxe, para diversos actos socio-culturais. A planta 1ª ten cociña equipada, un dormitorio amueblado, calefacción, electricidade e auga quente. A Escola de Campoverde, posúe cociña equipada, calefacción, auga quente e electricidade.

Debido a unha situación que se produce cando persoas e/ou familias que por determinadas razóns están obrigadas a abandonar a súa residencia habitual, o Concello elixe asignar ditas Escolas como residencias de emerxencia social, para

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

permitir o aloxamento inmediato e provisional das mesmas.

Con carácter xeral haberá sempre disponible unha vivenda municipal para atender as posibles situación de emerxencia que se poidan dar no Concello. A outra vivenda municipal poderá utilizarse polos servizos sociais municipais dentro da súa programación para a utilización por asociacións ou entidades de interese público sen ánimo de lucro que realicen actividades no municipio, mediante os correspondentes instrumentos xurídicos (convenio de colaboración, acordos de cesión, etc.). Se na programación anual dos servizos Sociais municipais non se prevé a utilización da segunda vivenda municipal, esta poderá utilizarse tamén para atender a situacións de emerxencia.

No caso en que se atopen baleiras, nun momento en que unha persoa ou familia o precise por circunstancias socio-económicas e unha vez valorada a situación polo personal técnico dos Servizos Sociais do Concello, as escolas poderán ser ocupadas asegurando unhas condicións de vivenda, ás persoas que presentan unha situación económica con recursos insuficientes para acceder ao mercado de vivenda en aluguer.

O artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, baixo a rúbrica de “principios de boa regulación” dispón que no exercicio da potestade regulamentaria as administracións públicas deberán axustarse aos seguintes principios: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, xustificando o seu cumprimento na exposición de motivos da norma.

“1. En el ejercicio de la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria, las Administraciones Públicas actuarán de acuerdo con los principios de necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia. En la exposición de motivos o en el preámbulo, según se trate, respectivamente, de anteproyectos de ley o de proyectos de reglamento, quedará suficientemente justificada su adecuación a dichos principios.

2. En virtud de los principios de necesidad y eficacia, la iniciativa normativa debe estar justificada por una razón de interés general, basarse en una identificación clara de los fines perseguidos y ser el instrumento más adecuado para garantizar su consecución.

3. En virtud del principio de proporcionalidad, la iniciativa que se proponga deberá contener la regulación imprescindible para atender la necesidad a cubrir con la norma, tras constatar que no existen otras medidas menos restrictivas de derechos, o que impongan menos obligaciones a los destinatarios.

4. A fin de garantizar el principio de seguridad jurídica, la iniciativa normativa se ejercerá de manera coherente con el resto del ordenamiento jurídico, nacional y de la Unión Europea, para generar un marco normativo estable, predecible, integrado, claro y de certidumbre, que facilite su conocimiento y comprensión y, en consecuencia, la actuación y toma de decisiones de las personas y empresas. Cuando en materia de procedimiento administrativo la iniciativa normativa establezca trámites adicionales o distintos a los contemplados en esta Ley, éstos deberán ser justificados atendiendo a la singularidad de la materia o a los fines perseguidos por la propuesta. (...).

5. En aplicación del principio de transparencia, las Administraciones Públicas posibilitarán el acceso sencillo, universal y actualizado a la normativa en vigor y los documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas.

6. En aplicación del principio de eficiencia, la iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias o accesorias y racionalizar, en su aplicación, la gestión de los recursos públicos.

7. Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera."

En canto aos principios de necesidade e eficacia, considérase moi necesario que o concello de Guitiriz dispoña dunha regulación específica e detallada dos usos sociais a que poden destinarse as dúas vivendas municipais, dado que esta regulación contribúe á consecución dos fins de interese público perseguidos, e este regulamento e o instrumento normativo máis idóneo para elo.

En canto ao principio de proporcionalidade, o regulamento que se propón límitase a regulación dos aspectos esenciais para articular o uso das vivendas municipais en situación de emerxencia, co contido imprescindible e menos restrictivo de dereitos.

Con respecto ao principio de seguridade xurídica, o regulamento fundaméntase na regulación estatal na materia, coas peculiaridades propias dos usos sociais que pretende darse aos inmobles, coa finalidade de ter un coñecemento e comprensión da regulación e finalidades perseguidas.

En canto ao principio de transparencia, o borrador desde regulamento someteuse ao trámite de audiencia previa para posibilitar a participación activa dos interesados na súa redacción conforme ao artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Con respecto ao principio de eficiencia, esta iniciativa normativa evita calquera tipo de cargas administrativas innecesarias ou accesorias, coa finalidade de racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Por último, dado que esta iniciativa normativa non afecta aos gastos o ingresos públicos presentes ou futuros, non se cuantifican ni valoran as súas repercusións e efectos no marco do cumprimento dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.

Artigo 1. Finalidade

É o obxecto deste regulamento a regulación das condicións, requisitos de acceso e réxime de uso de dúas de vivendas municipais (escola de Becín e escola de Campoverde) por persoas en situación de emerxencia social, que ten como obxectivo proporcionar aloxamento a aquelas persoas e/ou familias que se atopen nas circunstancias que posteriormente se desenvolvan e por diversas razóns, quedaron sen amparo e requiren aloxamento inmediato e temporal.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

No caso de que os posibles inquilinos non teñan mobiliario propio e se valore a incapacidade de adquirilo, o Concello poderá proporcionarlles equipamento básico.

Artigo 2º.-Réxime xurídico.

1.- As propiedades nas que se atopan ambas escolas rehabilitadas teñen a natureza xurídica dos bens de dominio público destinados a un servizo público, polo tanto, os acordos de ocupación temporal de vivenda de Emerxencia Social, terán carácter administrativo e rexerán polas súas propias cláusulas, por este regulamento e, no que non estea previsto anteriormente, pola normativa de dereito administrativo, sen prexuízo da aplicación complementaria da normativa de dereito civil, no que non se opón ao anterior.

2.- O Concello de Guitiriz disporá das competencias outorgadas pola normativa administrativa aos concellos para a interpretación e modificación, por razóns de interese público, do establecido neste regulamento e será competente para resolver calquera dúbida que poida xurdir, en relación con eles, a xurisdición contenciosa administrativa.

Artigo 3. Requisitos e condicións para o acceso á vivenda.

Terán acceso á vivenda de emerxencia social ás persoas e/ou unidades familiares que o soliciten e que demostren que cumpren os seguintes requisitos:

1.- Ser o solicitante maior de idade ou menor emancipado e figurar inscrito no padrón de poboación do concello de Guitiriz, con dous anos de antelación, ata a data de formalización da solicitude, excepto que por circunstancias excepcionais non se teña en conta este requisito, que debe ser axeitadamente xustificado polos técnicos de servizos sociais mediante informe.

2.- Que necesiten aloxamento inmediato por mor de:

- Declaración municipal de inminente ruína do edificio que serviría como residencia habitual da persoa ou persoas necesitadas do vivenda.
- Situacións urxentes por desafiuzamentos, execucións hipotecarias ou expedientes de expropiación executados ou en fase de execución.
- Perda de residencia habitual (lume, inundación, etc.) motivo polo que quedaron sen fogar.
- Relacións familiares insostibles por existencia de abusos físicos e/ou psicolóxicos.
- Violencia de xénero, tendo prioridade os casos con menores a cargo.
- Outros supostos especiais, valorados polos Técnicos dos servizos Sociais co visto e prace da Alcaldía.

En calquera caso, a concorrencia dalgún destes motivos debe ter asociada a efectiva falta de recursos económicos cos que a unidade familiar podería paliar inmediatamente a súa necesidade de vivenda.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

3.- Cando a vivenda estea desocupada e haxa solicitudes de máis dunha persoa ou unidades familiares que reúnan, en principio, os requisitos necesarios para ser beneficiarios do seu uso, terá prioridade o solicitante coa menor renda ponderada anual.

Artigo 4. Prazo de duración da autorización.

O período ordinario de estancia na vivenda de emerxencia non excederá de seis meses, polo tanto, unha vez finalizado dito período, o dereito a ocupar dita vivenda, cesará automaticamente. A ocupación é temporal.

En situacións excepcionais se as condicións continúan a ser valoradas como de emerxencia social, polos técnicos de servizos Sociais, poderá prorrogarse outros 6 meses máis ou excepcionalmente e se non é posible atopar recursos que solventen a situación, o tempo que dure a situación de emerxencia.

Artigo 5º.- Procedemento xeral de autorización.

1.- A persoa ou unidade familiar necesitada da Vivenda de Emerxencia, deberá formalizar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, segundo a declaración modelo que aparece como anexo I a esta regulamento, sendo imprescindible que a persoa ou persoas estean incluídas nalgunha das circunstancias indicadas no artigo 3.

Xunto coa solicitude deberán presentar a documentación establecida no citado anexo I, así como calquera outra documentación que poida ser requirida polo Concello de Guitiriz.

2.- Unha vez recibida a solicitude de admisión, a áreas de servizos sociais redactará o preceptivo informe da súa competencia no que se valorará a situación dos solicitantes.

3.- Vistos os informes municipais que sexan de aplicación, coa inmediatez que sexa necesaria, mediante a Resolución de Alcaldía, resolverase a solicitude de ingreso temporal na vivenda.

4.- No caso de que non se dite resolución final favorable, os solicitantes non terán acceso á vivenda.

5.- Con anterioridade á ocupación temporal da vivenda de emerxencia social, a persoa beneficiaria terá que asinar o documento, segundo o modelo anexo II a este regulamento.

Artigo 6º.- Autorización en supostos de emerxencia.

Naquelas situacións nas que sexa necesaria a entrada urxente e inmediata dalgunha persoa na vivenda de emerxencia, a través dunha resolución de Alcaldía, a persoa estimada poderá entrar na vivenda, incluso cando non se formalizara a solicitude ou

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

non se presentara a documentación requirida.

Inmediatamente despois, iniciárase o procedemento establecido no artigo anterior ata a súa resolución final. No caso de non cumprir os requisitos establecidos neste regulamento, deberá abandonar a vivenda nun prazo de 48 horas dende o seu coñecemento.

Artigo 7º.-Obrigas dos adxudicatarios das vivendas.

A persoa adxudicataria da vivenda de Emerxencia Social deberá ocupala para o seu destino como residencia habitual e facer un bo uso dela, entregándoa ao Concello ao finalizar o período acordado nas mesmas condicións nas que se lles entregou.

A persoa beneficiaria deberá pagar os gastos ordinarios de conservación e mantemento da vivenda (reparacións, etc..) e os gastos polos servizos de subministro de auga, electricidade, lixo, etc...

No caso de atopar fallos na vivenda provocados polo uso indebido ou negligente da persoa beneficiaria do servizo, estarán obrigados a asumir os custos da súa reparación ou substitución.

A limpeza tanto da vivenda, mobiliario como doutras pertenzas será realizada pola/s persoa/s beneficiaria/s que ocupa a vivenda de emerxencia social. Tamén se encargará/n se é o caso, da limpeza da finca.

Os ocupantes da vivenda de emerxencia social non poderán ter animais (excepto no caso de cans guía, se é necesario), nin almacenar materiais non hixiénicos e / ou perigosos.

Ao finalizar a estancia, os beneficiarios da vivenda de Emerxencia Social deberán entregar as chaves da casa no Concello.

Non se poderá realizar ningún traballo, a iniciativa dos residentes, na vivenda de emerxencia. En caso de avaría nas instalacións, deberán informar de inmediato ao Concello.

O Concello e os servizos técnicos municipais en ningún caso serán responsables da perda de cartos ou outros obxectos de valor depositados por persoas residentes na vivenda de Emerxencia.

Artigo 8.- Extinción do dereito de ocupación temporal. Revogación.

1.- O dereito á ocupación temporal da vivenda de emerxencia social cesará automaticamente aos seis meses.

Tamén cesará automaticamente ante a solicitude voluntaria do beneficiario.

2.- Poderase acordar a revogación da autorización para a ocupación temporal, estando vixente o prazo de asignación, por mor da concorrencia dalgunha das

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

seguintes causas, previa audiencia aos interesados:

- Por falecemento do adxudicatario.
- Por desaparición das causas que motivaron a súa concesión (disposición de residencia propia, obtención de recursos económicos...).
- Por incumprimento dalgún dos requisitos ou obrigas establecidos neste regulamento e/ou no acordo de cesión.
- Por abandono do fogar, sen previo aviso e sen motivo que xustifique a ausencia por un período superior a sete días.
- Por incumprimento das normas de convivencia, causando danos ás persoas ou a propiedade ou altercados, co resto de residentes no inmovible e coa veciñanza.
- Permitir o uso do fogar a terceiros que non formen parte da unidade familiar autorizada a residir no fogar, sen previo aviso e autorización do Concello.
- Por falsificación de datos, documentos ou ocultación dos mesmos.
- Por falta de pago dos gastos derivados do uso da vivenda.
- Por supresión do servizo, previo acordo plenario adoptado polo Concello de Guitiriz.

A revogación da autorización de ocupación temporal resolverase, mediante resolución da Alcaldía, previa audiencia do interesado por un prazo mínimo de dez días.

3.- Unha vez finalizado automaticamente o dereito a ocupar temporalmente a vivenda de Emerxencia Social ou declarada formalmente a revogación da autorización de ocupación, así como no caso de que a Alcaldía non resolva definitivamente a autorización, a persoa interesada deberá abandonala nas mesmas condicións nas que o atopou, nun prazo de 48 horas, entregando as chaves ao Concello.

4.- Se dentro das 48 horas, o vivenda non está a disposición do Concello, procederase ao desafuzamento, que se realizará administrativamente. Considerarase a competencia e o procedemento para ordenar o desaloxo e levar a cabo o lanzamento Administrativo. Os gastos derivados do lanzamento ou depósito de mercadorías correrán a cargo da persoa expulsada.

Artigo 9.- Protección de datos.

1.- De acordo coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais rexistrados na solicitude serán incorporados a un ficheiro que é responsabilidade do O Concello de Guitiriz rexistrouse na Axencia Española de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Protección de Datos co fin de xestionar os fogares regulados nestas bases. Todos os datos solicitados son necesarios para atender a solicitude de acceso á vivenda municipal e o feito de presentala presupón a autorización para o acceso á obtención, consulta e emisión de documentos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición pódense exercitar poñéndose en contacto co Concello de Guitiriz.

2.- Por outra banda, implicará a autorización ao Concello de Guitiriz para que os datos persoais, económicos e sociais integrados en ficheiros automatizados poidan utilizarse para outros fins como a produción de estatísticas ou investigación científica, en os termos previstos pola normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

DISPOSICIÓN FINAL UNICA. Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE USO TEMPORAL DE VIVENDA DE EMERXENCIA SOCIAL

EXPON:

Que a unidade familiar da que forma parte se vexa obrigada a deixar o domicilio habitual no que residen e están necesitadas de abrigo inmediato debido a:

- Declaración municipal de ruína inminente do edificio que serviu de residencia:
.....
- Relacións familiares insostibles debido á existencia de abusos físicos e / ou psicolóxicos:
- Perda do fogar (lume, inundación, ...) motivo polo que quedaron sen fogar
- Outros supostos

OBSERVACIÓNS:

En consecuencia, SOLICITA acceso á VIVENDA DE EMERXENCIA presentando a documentación requirida no regulamento municipal:

En Guitiriz, ade de 20.....
Fdo:

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

DOCUMENTACIÓN A ENVIAR•

- Fotocopia do D.N.I. de cada membro da unidade familiar e do Libro de familia. Certificados de empadramento e convivencia.
- Traballadores por conta allea: nóminas ou certificados de empresa dos últimos 6 meses.
- Copia da declaración da renda correspondente ao exercicio anterior á data da solicitude.
- Xubilados ou pensionistas: certificación da pensión ou prestación económica a recibir durante o ano en curso.
- Traballadores autónomos: certificación da cotización anual á Seguridade Social, fotocopia compulsada do rexistro no imposto de actividades económicas, xustificante de estar ao día no pago do IVE e declaración persoal dos ingresos obtidos no ano. .
- Situación de desemprego: certificación emitida polo INEM que indica a súa situación de desemprego ou solicitante de emprego e, se é o caso, as prestacións recibidas durante o ano en curso e as pendentes de recibir
- Beneficiarios doutros ingresos derivados de axudas, subvencións ou prestacións: fotocopia da resolución de concesión.
- Documentación xustificativa de atoparse nun procedemento de desafiuzamento, execución hipotecaria, para declaración de ruína e / ou similar.
- Fotocopia do decreto de separación ou divorcio e acordo regulador.
 - Xustificante de gastos extra
- Outros que xustifiquen a súa indefensión, etc.
- Certificación inmobiliaria a nome do solicitante e membros da unidade familiar que residirán na VIVENDA SOCIAL DE EMERXENCIA.

ANEXO II: ACORDO DE USO TEMPORAL DE VIVENDA DE EMERXENCIA SOCIAL

En Guitiriz, o día de

INTERVEN

Por unha banda D./Dna., alcalde / sa do Concello de Guitiriz, con número de DNI, en nome e representación do concello de Guitiriz, facultado para asinar este documento.

Do outro lado D./Dna. con DNI nº, en nome propio e representación

ANTECEDENTES: 1. Que o Concello de Guitiriz é propietario da Vivenda de emerxencia social, que ten como obxectivo proporcionar cobixo a aquelas persoas e/ou familias que por diversas razóns quedaron sen amparo e precisan axuda inmediata.

2. Que D./Dna. solicitou a transferencia temporal de dita

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

vivenda xestionada municipalmente por

3. Que os servizos municipais do Concello comprobaron a situación de necesidade que plantexa o solicitante, que coñece o carácter provisional da cesión do fogar, e autorízouse o uso temporal da vivenda de emerxencia por resolución de alcaldía de data

4. Que ambas as partes, recoñecéndose a capacidade de contratarse e obrigarse, formalicen este contrato de acordo co seguinte:

CLÁUSULAS

Primeiro: o Concello de Guitiriz autoriza a ocupación temporal da vivenda de emerxencia social, a D./Dna quen acepta dita ocupación, nas condicións reflectidas neste documento.

Segundo: O prazo de ocupación temporal está limitado a SEIS MESES contados desde a sinatura deste contrato, condición que D./Dna. comprométese, non obstante, a tomar as medidas necesarias para saír da devandita casa canto antes.

Terceiro: A propiedade cedida será ocupada exclusivamente polo D./Dna. e a unidade familiar que sufriu a situación de emerxencia, consistente en: - - -

Cuarto: o cedente ou os seus familiares non poderán introducir mobles ou obxectos domésticos, só permitindo o seu uso persoal ou aqueles outros que estean autorizados polo Concello de Guitiriz.

Quinto: D./Dna. faranse cargo dos seus gastos de vida, da comunidade e dos gastos derivados dos servizos da casa (electricidade, auga, lixo ...). O Concello enviará os recibos xustificativos correspondentes. Se durante o período incluído nun recibo, distintos beneficiarios ocuparon a vivenda, farase o correspondente reparto.

Sexta: Ao asinar este documento, o adjudicatario depositou un depósito por un importe de _____ (_____ €) a disposición do Concello, que garante o cumprimento de todas as súas obrigas e as indicadas no regulamento municipal oportuna e que non se devolverá ata a liquidación total deste documento, unha vez entregada a casa cos seus mobles e accesorios nas mesmas condicións nas que foi entregada e no prazo correspondente. Todo isto sen prexuízo da maior indemnización á que poida estar sometido debido ás obrigas antes mencionadas.

Sétima: D./Dna recoñece expresamente ter recibido o fogar descrito cos mobles e accesorios relacionados no inventario adxunto a este contrato, como anexo, en perfecto estado e acepta mantelos nas mesmas condicións, tendo que entregar ao Concello tanto o fogar. como todos os mobles e utensilios a medida que os recibe. En caso de atopar

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

fallos na vivenda causados polo uso indebido ou negligente da persoa beneficiaria do servizo, estarán obrigados a sufragar os custos da súa reparación ou substitución. D./Dna. non poderá realizar ningún traballo sobre o inmovible cedido. Así mesmo, deberá comunicar ao Concello se hai que arranxar. Calquera dano causado deliberadamente ou por negligencia será responsabilidade dos residentes, asumindo o custo da súa reparación.

Oitava: D./Dna está obrigada a observar dentro da súa casa as normas de conduta que a convivencia nunha familia e co barrio esixe, obrigándolle tamén a cumprir as normas
En caso de que las personas usuarias se ausenten más de Sete Días sin previa autorización, salvo causa justificada, serán dadas de baixa.

Novena: No caso de que os usuarios estean ausentes máis de sete días sen autorización previa, salvo causa xustificada, non se darán de alta

Decima: O Concello non será responsable en ningún caso por perdas de diñeiro ou outros obxectos de valor depositados por persoas residentes na vivenda de emerxencia.

Undécima: Ao finalizar a estancia, as chaves deberán entregarse nas oficinas municipais.

Duodécima: Agás no caso do uso de cans guía, os residentes non poderán gardar animais ou almacenar materiais non hixiénicos e / ou perigosos.

Decimoterceira: O Concello resérvase o dereito de retirar a autorización para a ocupación temporal, mediante a súa revogación, nos supostos previstos no regulamento regulador da ocupación da vivenda de emerxencia social.

No caso de que o concello revoga a autorización de ocupación temporal, D./Dna. comprométese a poñer a disposición do Concello a Vivenda de Emerxencia Social e a entregar as claves ao Concello de Guitiriz, o mesmo día en que se extinga automaticamente o dereito de ocupación temporal, polo período de SEIS MESES. En caso de revogación anticipada da autorización de ocupación, no prazo de 2 días desde a notificación da resolución de revogación. Noutro caso, procederase ao desafuzamento administrativo.

Décimocuarta: D./Dna
..... , comprométese a comunicar ao Concello de Guitiriz calquera variación nos seus ingresos ou circunstancias persoais da unidade familiar. Décimo sexta: Este contrato ten carácter administrativo, dada a natureza do dominio público e do servizo público da propiedade na que se atopa, e rexerese polas súas propias cláusulas, polo correspondente regulamento municipal regulador da vivenda de emerxencia social, que D ./Dna. recoñece coñecer e aceptar e, subsidiariamente, e no que non se prevé nelas, as relacións entre D./Dna. e o Concello, estarán regulados pola normativa local, atendendo á finalidade de prestar un servizo social, sen prexuízo da aplicación complementaria

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

de a normativa de dereito civil, en canto non se opoña. O Concello de Guitiriz disporá de todos os poderes outorgados pola normativa administrativa aos concellos para a interpretación e modificación por razóns de interese público deste acordo e o seu regulamento e será competente para a resolución de calquera dúbida que poida xurdir en relación con eles.

En proba de conformidade e como total ratificación deste acordo, asinan este contrato no lugar e data indicados. “

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que o obxecto deste regulamento e a regulación das condicións de acceso do réxime de uso de dúas vivendas municipais, en Becin e en Campoverde na parroquia de Buriz, por persoas en situación de emerxencia social que ten como obxectivo proporcionar aloxamento a aquelas persoas ou familias que por diversas razóns quedaron sen amparo e requiren aloxamento inmediato e temporal.

As dúas escolas rehabilitadas teñen natureza xurídica de bens de dominio público destinadas a un servizo público. Para ter acceso a vivenda, terán que ser persoas ou unidades familiares maiores de idade ou menores emancipados e estar inscrito no padrón municipal de Guitiriz con dous anos de antelación a data da solicitude, excepto por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas polos técnicos de servizos sociais.

O período de instancia na vivenda non excederá de seis meses e poderá prorrogarse outros seis meses máis, ou excepcionalmente se non é posible atopar recursos que solvente a situación o tempo que dure a situación de emerxencia.

A persoa beneficiaria deberá pagar os gastos ordinarios de mantemento e reparación da vivenda e os gastos de subministro de auga, electricidade, lixo etc.

En base a isto, eu preguntolle a Sra. Alcaldesa, si son persoas en situación de emerxencia social ao mellor non poden pagar eses gastos ordinarios, nin o lixo, auga etc. Polo tanto habería que saber en que consiste esa emerxencia social.

O voceiro do grupo BNG di que parécenos ben que no concello exista un regulamento para o uso das dúas vivendas das que dispoñemos para emerxencia social.

Queremos que nós explique en que situación están nestes momentos e si hai algunha familia que precise deste ben social. Estes bens restaurados polo concello teñen a obriga de mantelos en bo estado, por iso preguntámonos tamén como están agora mesmo, e dicir, o seu estado e si están usados ou non?

A Sra. Alcaldesa di que na escola de Becin hai unha familia que leva alí polo menos dende que estou eu aquí. Na última prorroga que se lle fixo, prorrogóuselle por seis meses mirando que cumprirá os requisitos establecidos de emerxencia social, agora deixou de cumprilos e en espera deste regulamento váiselle a comunicar que ten que abandonar a casa.

A de Campoverde non esta ocupada.

A de Becin, loxicamente esta acondicionada dado que xa viven nela e a de Campoverde estase acabando de acondicionar, había un problema co pozo ou a bomba pero estámolo solucionando para cando entre en vigor o regulamento xa este lista para ser ocupada.

En canto ao da emerxencia social xa esta regulado, existe unha regulación no concello para

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDE6RCYMKETRGMSJ53 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 74



Concello de Guitiriz

cando se conceden as axudas de emerxencia social, polo que as familias que se atopen nesta situación debido aos ingresos, váiselles aplicar a mesma regulación e senón poden facerse cargo dos gastos correntes dende o concello axudáraselles igual que se lles axuda a outras familias aínda que non estean nestas vivendas. Pero si unha familia pode facer fronte a eses gastos tamén hai que contemplalo no regulamento.

O regulamento ten que dar cobertura as distintas posibilidades e despois o departamento de servizos sociais determinará como hai que axudalos.

O outro posible suposto é que unha familia en condicións normais non tivera que usala pero por algunha situación excepcional (incendio, inundación etc.) tivera que facelo.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que o Problema é saber cantas veces se ponde renovar esa adxudicación?

A Sra. Alcaldesa di que o "artigo 4. Prazo de duración da autorización" do citado regulamento establece o seguinte:

<<O período ordinario de estancia na vivenda de emerxencia non excederá de seis meses, polo tanto, unha vez finalizado dito período, o dereito a ocupar dita vivenda, cesará automaticamente. A ocupación é temporal.

En situacións excepcionais se as condicións continúan a ser valoradas como de emerxencia social, polos técnicos de servizos Sociais, poderá prorrogarse outros 6 meses máis ou excepcionalmente e se non é posible atopar recursos que solventen a situación, o tempo que dure a situación de emerxencia.>>

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI). Expte: 1109/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI). Expte: 1109/2020.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 29/10/2020 de incoación de expediente de modificación do artigo 7 da ordenanza reguladora da taxa do

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Punto de Atención a Infancia publicada no BOP de Lugo nº 164 de data 19/07/2005, para mellorar a regulación das bonificacións.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais. Coa modificación preténdese a gratuidade do 2º fillo/a e/ou sucesivos, e o importe será financiado pola Xunta de Galicia a través de Plan Concertado.

Vistos o informes de secretaría e de intervención de datas 29/10/2020 e 10/11/2020.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI) que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 7.- Beneficios fiscais.

-Un 100% ao 2º fillo/a e/ou sucesivos.

-Un 50% no caso de familias perceptoras de RISGA.

-Un 30% cando os ingresos da unidade familiar non supere o 50% do IPREM.

-Un 20% no caso de nenos/as que pertenza a unidade familiar monoparental.”

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que a modificación da ordenanza consiste unha variación das bonificacións da cota tributaria, os custos da prestación do servizo non se verán afectados, nos seguintes termos:

-Bonificación do 100% ao 2º fillo/a e/ou sucesivos. Esta bonificación non suporá minoración dos ingresos, posto que unha vez adoptada esta medida a Xunta de Galicia compensará o 100% do custo a través do Plan Concertado.

-50% no caso de familias perceptoras de RISGA.

-30% cando os ingresos da unidade familiar non superen o 50% do IPREM.

-20% no caso de nenos/as que pertencen a unidade familiar monoparental.

Cúmpanse cos principios de estabilidade presupostaría e sostenibilidade financeira pois as contías estimadas de ingresos e gastos non suporán déficit nin superávit.

O voceiro do grupo BNG di que estamos de acordo coa modificación desta ordenanza porque por exemplo no caso do 2º fillo/a ou sucesivos xa vai estar subvencionado o 100% pola Xunta de Galicia. En canto ao segundo punto (50% no caso de familias perceptoras de RISGA), apostábase por algo menos, pero servizos sociais saberá se a familia está en situación de risco económico. Votaremos a favor.

A Sra. Alcaldesa explica que esta modificación levase a cabo para dar soporte a esta bonificación que fai a Xunta, subvenciona o 100% do segundo fillo/a independentemente dos ingresos de que dispón a familia.

As outras bonificacións si que son en función da cota que terían que pagar en cada caso, pero xa se calcula tendo en conta a situación económica de cada un/unha, e dicir, as cotas que pagan calcúlanse en función da situación particular de cada un/nunha.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Aprobación do Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable (PACES). Expte: 542/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

**"Aprobación do Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable (PACES).
Expte: 542/2020.**

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (DOGA nº 93 do 14/05/2020).

-Decreto de alcaldía de data 2/06/2020 de solicitude de subvención para a confección do plan de acción para o clima e a enerxía sustentable "PACES" do seguinte tenor literal:

"PRIMEIRO.- Solicitar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda unha axuda para confección do plan de acción para o clima e a enerxía sustentable "PACES" do Concello de Guitiriz, ao amparo da orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia.

SEGUNDO.- Declarar que o concello remitiu as contas do ano 2018 o Consello de Contas de Galicia, con data 14/10/2019.

TERCEIRO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira para as actuacións precisas para a execución deste acordo.

CUARTO.- Declarar que o concello remitiu as contas do ano 2018 o Consello de Contas de Galicia, con data 14/10/2019.

QUINTO.- Notificar a presente resolución a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, comunicala aos servizos municipais afectados, e dar conta da mesma na seguinte sesión plenaria ordinaria."

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 e 74



Concello de Guitiriz

-Decreto de alcaldía de data 1/10/11/2020 de adxudicación do contrato menor de servizo de redacción do plan de acción para o clima e a enerxía sustentable "PACES" á empresa Flinq Ingeniería, S.L., con CIF B70497003 .

-Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable "PACES" redactado por Flinq Ingeniería, S.L. en data 13/11/2020, asinado por Iago Pereira.

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a dadopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable "PACES" redactado por Flinq Ingeniería, S.L. en data 13/11/2020.

SEGUNDO.- Proceder á xustificación urxente da subvención conforme ao establecido na Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que este Concello como asinante do pacto de alcaldes para o clima e a enerxía sustentable asinado o 5 de abril de 2018 adquire un compromiso de redacción dun plan de acción (PACES) para a implantación dos obxectivos en materia de clima e enerxía da UE. Coa sinatura deste documento adquirese o compromiso da redución de emisións para identificar mellores ámbitos de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

actuación e as mellores oportunidades para acadar o obxectivo de redución do CO₂.

A aprobación deste plan ademais de necesaria e a solicitude da subvención de 6000 €, e dicir o 100% do orzamento, ten un prazo que remata o 30 de novembro co que é urxente que se aprobe.

O voceiro do grupo BNG di que o Concello está dentro deste pacto dos alcaldes dende o 5 de abril de 2018 e polo que vexo aínda estaba sen facer o PACES. Pode explicarnos si se fixo algo antes de que se redactara este proxecto asinado con data de outubro?

A Sra. Alcaldesa di que este pacto polo clima é ao que se adhiren os Concellos voluntariamente e unha vez adheridos a Xunta de Galicia saca subvencións para redactar estes plans, para logo levalos a cabo. Esta subvención é a primeira que houbo para redactar o plan.

O obxectivo do PACES é servir como folia de ruta para que en todo o concello, sector primario, secundario e terciario, como entes públicos ou privados se consiga unha redución de emisión do CO₂ do 40% para o ano 2030.

É importante ter en conta que moitos dos datos que van incluídos no Plan fan referencia a todo o municipio. O obxectivo é ambicioso pero é o mínimo establecido dende Europa e aliñado cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 20-30 das Nacións Unidas.

A elaboración do PACES é documento que nos vai permitir dende o concello continuar no Pacto das alcaldías e isto a súa vez acceder a subvencións, que de outra forma non se podería. Actualmente hai 266 concellos en Galiza que teñen asinado este pacto, pero so 38 que teñen o Plan presentado, e dicir, nós estamos sendo pioneiros.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que nada máis que dicir, votaremos a favor.

O voceiro do grupo BNG di que como acaba de dicir o voceiro do PP o prazo remata o 30 de novembro para a presentación do proxecto polo que estamos en tempo.

A Sra. Alcaldesa di que en liñas xerais o proxecto é moi amplo e ben definido. Non é soamente unha folia de ruta para o futuro senón tamén un informe do estado presente e pasado elaborado con datos específicos de cada concello. Tamén é importante para poder acceder as subvencións por formar parte deste Pacto.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Aprobación da distinción Honorífica do Pavillón Polideportivo co nome de Pavillón Jonathan Carro Paz. Expediente 913/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"Aprobación da distinción Honorífica do Pavillón Polideportivo co nome de Pavillón Jonathan Carro Paz.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 22/09/2020 de inicio do expediente para denominar o pavellón polideportivo municipal co nome de Jonathan Carro Paz. Esta distinción honorífica pretende concederse pola súa traxectoria persoal e deportiva tal e como queda acreditado no expediente.

Visto o informe xurídico de Secretaria de data 29/09/2020.

Vistas as actuacións realizadas polo instrutor do expediente, don Ivan Morado Corral, concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Guitiriz, e o curriculum deportivo de Jonathan Carro Paz.

Visto o trámite de exposición pública do expediente durante un prazo de 20 días mediante edicto no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 20/10/2020, a fin de que calquera persoa poda examinar o expediente e presentar alegacións ou suxerencias.

Visto que durante o período de exposición pública non se presentaron alegacións nin suxerencias.

Considerando o disposto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Guitiriz publicado no BOP de Lugo nº 176 de data 3 de agosto de 2020.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no artigo 190 e 191 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a denominación do pavellón polideportivo municipal co nome de Jonathan Carro Paz. Esta distinción honorífica concédese pola súa traxectoria persoal e deportiva tal e como queda acreditado no expediente, de acordo co establecido no artigo 17 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Guitiriz.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á familia Carro Paz emprazándolles para o actos conmemorativos da distinción honorífica."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que estamos totalmente de acordo con esta distinción honorífica a Jonathan Carro pola súa traxectoria persoal e

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

deportiva. Votaremos a favor.

O voceiro do grupo BNG di que vemos moi ben esta distinción honorífica do pavillón, Jonathan Carro deixou o listón moi alto no concello de Guitiriz facendo algo que ninguén fixo a nivel local e levou o nome de Guitiriz por toda Galiza e España, é para sentirse orgulloso do que fixo este veciño que por desgraza xa non esta con nós. Votaremos a favor.

A Sra. Alcaldesa di que subscribimos tanto as palabras do voceiro do PP como do BNG. Isto foi unha proposta de toda a corporación para así entre todos/as poder levar a cabo o nomeamento do pavillón que non tiña ningún nome oficial. Comparto con vostedes que é o mellor nome que se lle podía dar.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que están totalmente de acordo e que estas distincións se poidan seguir dando a outras persoas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Modificación de crédito nº 4/2020 mediante crédito extraordinario. Expediente 1174/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 12,
En contra:
0,
Abstencións
: 1,
Ausentes: 0

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/11/2020, é a seguinte:

"EXPEDIENTE Nº 1174/2020

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2020 MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO. REEMBOLSO DE APORTACIÓN DE PROXECTO DE OBRA DO COLECTOR DO RÍO VEIGA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 70.009,54€ derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar dita modificación consistente en novos ingresos por reembolso de aportación ó

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 74



Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz pola obra do colector do Río Veiga.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal (Informe 2020-0200, de data 19/11/2020) e o resto de documentación que obra no expediente.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario polo importe total de 70.009,54 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con novos ingresos para gastos xerais conforme ao detalle de aplicacións e gastos que se indican de seguido:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
161.62300	SUBMINISTRO DE BOMBA PARA DEPOSITO DE AUGA	6.000,00
1621.62500	SUBMINISTRO DE CONTEDORES DE POLIETILENO DE ALTA DENSIDADE DE COLOR VERDE PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS	3.025,00
342.61900	REFORMA EN VESTIARIOS DO CAMPO DE FUTBOL DE GUITIRIZ	20.214,00
135.62600	MATERIAL INFORMÁTICO E OUTROS EQUIPAMENTOS DIXITAIS PARA AGRUPACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE GUITIRIZ	2.421,42
326.21000	REPARACIÓNS E PORCHE NO PABELLÓN EXTERIOR DO CEIP SANTO ESTEVO DE PARGA	2.706,77
165.62300	AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PUBLICO EN VARIOS NÚCLEOS (PARGA – STA. LEOCADIA – PIGARA – OS VILARES – TRASPARGA E LABRADA	10.065,91
161.21000	TRABALLOS DE REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS	20.000,00
170.22199	SUBMINISTROS VARIOS PARA XESTIÓN MEDIO AMBIENTE E OUTROS	5.576,44

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

	TOTAL	70.009,54€
--	--------------	-------------------

INCREMENTO EN INGRESOS		
Aplicación	Descripción	Importe (€)
72109	Transferencias de capital de outros organismos autónomos	70.009,54

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que atopámonos ante a modificación 4/2020 por un ingreso da Confederación Hidrográfica Miño Sil, estamos de acordo co investimento que se vai facer mais tamén sorpréndenos que ese ingreso non se deixe unha parte para o arranxo dos problemas do colector para evitar os vertidos que as veces van ao río e así evitar as posibles sancións.

Estamos ante os seguintes investimentos:

-) 6.000 € para unha bomba nos depósitos de Parga.
-) 3.025 € para contenedores verdes.
-) 20.214 € para reforma vestiarios do campo de fútbol de Guitiriz.
-) 2.412,42 € para protección civil.

En relación con isto quixera saber si o gasóleo que se usa no coche de protección civil vai a conta das subvencións que recibe esta Asociación ou a conta do concello, xa que as veces vemos un pequeno malgasto no consumo de gasóleo nestes coches que as veces son usados para cuestións que non son propias de protección civil.

-) 2.706,77 € reparación e soportal no colexio de Parga.
-) 10.065,91 € para ampliación e instalación da iluminación pública en varias zonas de Guitiriz.

Recordarlle neste punto a Sra. Alcadesa o do farol na Rúa do Concello 56 que prometeu no seu momento e aínda esta sen colocar.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

□) 25.576,44 € para reparacións e subministracións varias.

Finalizo dicíndolle que estamos de acordo con estes investimentos agás que non quedara unha partida para arranxar os problemas dos vertidos que van ao río, xa falamos moitas veces desa problemática.

O voceiro do grupo BNG di que esta devolución de 70.009 € ven a dar a razón ao BNG do que levamos dicindo dende que rematou a obra do colector. Xa dixemos que este sistema de evacuación de augas residuais que vén dende o Forxa ata o colector principal e que vai a longo da Rúa do Concello e da Avda. De Lugo, era un sistema malo e anticuado, agora podemos ver que dun orzamento dun millón vinte mil euros para esta obra só se investiron 662.887 €. Vendéronnos esta obra como algo moi sofisticado, pero eu mesmo xa comentei cando nola ensinaron que non ía a ver que na limpara. Para que funcione sen atascos ou se baleira a cesta de recepción de sólidos manualmente todas as semanas ou vai a dar moitos problemas.

Non era difícil prognosticar o que ía pasar, vendéronnos a obra como unha novidade pero como estamos a ver é un autentico fracaso. Con isto quero dicir, que esta devolución de 70.009 € por parte da Confederación Hidrográfica deberíase empregar en montar un sistema automático de baleirado de sólidos similar ou mellor ao que hai no tanque de recepción da depuradora. Un sistema destes evitaría que se acumularan estes restos de augas residuais no tanque previo ao tanque de bombeo.

Están a tempo de investir ben estes cartos, recordarlles o que xa comentei no anterior Pleno, o BNG vai denunciar ao concello na próxima vertedura que se faga ao río, non é unha ameaza e algo que pasará se non se toman as medidas que acabo de comentar.

Con respecto a todo o que propoñen estamos de acordo, pero cremos que o mais urxente é a obra que acabo de comentar. Todo o que propoñen pódese facer para o ano que vén, cando se poda usar o remanente.

A Sra. Alcadesa di que eses 20.000 € que van en traballos de reparación, mantemento e conservación de infraestruturas é precisamente para facer alí unha contención da area que chega as bombas que bombean no río Forxá, que son as que fan que se estragen constantemente. Está reparación é a que din os técnicos que hai que facer, unha contención para que as areas non cheguen as bombas, xa que si as bombas funcionan non hai ningún problema, mentres, xa sabemos que temos que seguir baleirando todas as semanas ese contenedor de residuos.

Con respecto ao que comentou o voceiro do PP, sobre o gasóleo dos coches de protección civil, supoño que sabe, xa que foi alcalde deste concello, que o gasóleo o paga o concello.

Os coches de protección civil, como o resto dos coches do concello utilízanse para actuacións cando son necesarios. As actuacións de protección civil no mes de setembro foron un total de 15, en outubro 21 e novembro levan 15, todas elas fanse normalmente a instancia do 112. En seis desas actuacións protección civil do concello de Guitiriz chegou en primeiro lugar para atender a urxencia requirida (accidentes de tráfico, algún incendio, cans abandonados, operativos necesarios na Feira de Parga xa que non dispoñemos de Policía Local).

Dispoño dunha memoria detallada que me pasaron eles e que esta a disposición dos membros da corporación si desexan vela e poder así ter coñecemento de todas as actuacións.

Protección civil ten subvencións, pero neste momento que houbo cambio na directiva e non se estaba en prazo de pedir novas subvencións, pedíronnos ao concello si lles podiamos custear a compra de certo material, ordenador portátil e emisoras. A nós pareceunos

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 74



Concello de Guitiriz

adequado colaborar con eles posto que sempre que solicitamos a súa colaboración están a nosa disposición.

Respecto ao das luminarias, aquí inclúese a iluminación pública en casas que aínda non teñen. En canto ao farol do que me fala o Sr. Teixido dicirlle que os veciños/as dese edificio teñen iluminación pública na entrada do portal e na entrada do garaxe.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que Primeiro dicir que moi ben as palabras do Sr. Pereira en canto ao tema do colector do río Forxa. Estamos totalmente de acordo, esta inversión foi reducida dun millón e pico de euros a seiscientos-setecentos mil euros aproximadamente.

Comprendemos que para os obreiros que están levantando manualmente esta cesta con todos os residuos que leva pode ser un problema, por iso estes cartos deberíanse ter destinado nesta actuación e non noutras.

En canto as palabras que dixo a Sra. Alcaldesa, que si eu como alcalde que fun deste concello, non sabia quen pagaba o gasóleo dos coches de protección civil, dicirlle que claro que sei que o paga o concello, pero os consumos eran moderados e cando eran necesarios, non para ir dun lado a outro.

Nós non imos dubidar das actuacións que dixo que fixeran estes voluntarios/as, non son asalariados/as, todos/as son voluntarios/as é hai que agradecerlles todos os traballos que fan para axudar a veciñanza de Guitiriz e incluso arredores nalgún momento. É unha labor moi importante a que fan, pero vostede quixo tapar outras cousas que lle estou preguntando, como o do consumo do gasóleo.

Con respecto ao tema da iluminación pública, no seu momento cando xurdiu a problemática sobre si era unha rúa ou non, vostede dixo que era unha rúa e como tal estes veciños/as pagan os impostos como os que máis, no seu momento díxome que non había presuposto pero agora si hai cartos polo que os/as veciños/as da Rúa do Concello teñen os seus dereitos.

Ten que manter a súa palabra, quizá lle empeza a pesar todo isto, hai que manter o carácter os 365 días ao ano, aínda que non todos os días son iguais.

O voceiro do grupo BNG di que o Concello recibiu a obra, agora hai que mantela e melloralala para non contaminar o río. Aproveitando o que vai investir non faga oídos xordos ao que propón o BNG xa que esta obra é moi necesaria e aproveitando o que van facer, instalen un sistema de limpeza automático ou semiautomático porque tampouco é automático o que hai na depuradora pero é esencial xa que o que vai polo colector abaixo (trapos etc.) atasca as bombas. Chegados a este punto hai que gastar cartos.

A Sra. Alcaldesa di que o concello faille caso aos técnicos e imos empezar por solucionar o problema da area que parece ser que é o mais grave.

Eu estou encantada coas suxestións que fai o voceiro do BNG porque ademais nós non queremos contaminar o río nin por suposto pagar multas por esa contaminación.

Intentaremos facer esa limpeza menos manual e un pouco máis automática mirando polo ben do concello e dos traballadores/as. Agora investiremos eses 20.000 € e en veces sucesivas, na medida das nosas posibilidades, intentaremos resolver o resto de problemas.

Con respecto ao que comentou o voceiro do PP sobre o carácter os 365 días ao ano, creo que ninguén mantén o mesmo carácter os 365 días ao ano, pero vou dicir que durante o

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

tempo que levo de mandato non cambiei o carácter de cara os meus veciños/as e non faltei a palabra nas miñas promesas ou compromisos.

Repíttolle que orzamentos para poñer farois públicos hainos todos os anos pero o que temos que facer e priorizar porque o que non temos é cartos para poñer iluminación pública en todos os sitios que nos gustaría ter iluminados. Hai xente neste concello que ten conectado a iluminación publica ao seu contador particular e isto creo que tamén é importante solucionalo, porque si o Sr. Teixido fose o que tivera conectado a iluminación pública ao seu contador particular probablemente non estaría de acordo con que o concello puxese farois noutros sitios e non empezara por solucionar eses problemas.

Hai unha casa en concreto, que levan alí vivindo once anos e non ten iluminación pública e ningún dos equipos de goberno anterior púxolle luz pública, todo o mundo merece polo menos un punto de luz pública.

En canto a mesura do consumo de gasoil, quero dicirle que este equipo de goberno licitou mediante concurso público o gasóleo dos vehículos do concello. O que había era un depósito con gasóleo na nave do Senpa e subministrábase sen ningunha claridade e transparencia, agora está controlado cada vehículo cunha tarxeta independente e cada persoa que vai subministrar asina un albaran cos litros que bota e con nome da persoas que subministra.

En canto a protección civil, dicirle que todo o que fan os/as voluntarios/as da asociación está recollido polo 112.

O equipo de goberno é quen decide como se invisten os cartos do concello e nesta ocasión pareceunos axeitado gastar eses cartos desta maneira e esta totalmente xustificado.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 12 votos a favor dos grupos PSOE e PP, e 1 abstención do grupo BNG.

Moción do grupo BNG para establecer un plan de recate integral da hostalería galega de Guitiriz e comarca. Expte. 1196/2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

MOCION PARA ESTABLECER UN PLAN DE RESCATE INTEGRAL DA HOSTALERÍA GALEGA DE GUITIRIZ E COMARCA. Expte. 1196/2020

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A hostalaría está contra as cordas, levamos nove meses dende que comezou esta crise da Covid 19 para este sector, un dos máis prexudicados pola acumulación xerada por escaseza de traballo no que vai de crise. Sacando os dous meses de

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sectelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 74



Concello de Guitiriz

verán que a situación estivo algo máis aliviada, agora volven estar nun contexto máis que complicado.

Houbo confinamentos para practicamente todo, menos as facturas que teñen que soportar puntualmente neste sector. Se non hai vendas, se non hai traballo, non se pode cumprir cos subministradores nin moito menos outras taxas: luz, aluguer, cota de autónomos etc. Cremos que resulta necesaria unha acción operativa sen demora para que non se vexan abocados ao pechamento definitivo.

No seu momento rescatamos as caixas de aforro galegas con 9000 millóns de euros de fondos públicos e regalámolas a unha entidade privada, polo que, rescatar a hostalería en Galiza debe ser unha prioridade; non teremos que desembolsar nin aproximadamente o 10% do que se aportou naqueles anos e, aínda por riba, sería un gasto xusto e necesario para axudar a soerguer a economía galega.

O Sr. Feijoo promete axudas da Xunta de entre 2.200 e 7.000 euros para a hostalería afectada polas restricións impostas en aproximadamente 60 concellos e as sete grandes cidades galegas, cantidades que, en moitos casos, non alcanzan nin para cubrir gastos de alugueiro. O resto da hostalaría, sirva de exemplo Guitiriz que sofre tamén restricións parciais, nestes casos o Sr. Feijoo vai confiar en que os concellos solucionen estes problemas.

Solicitamos por parte da Xunta unha axuda económica directa e a fondo perdido, e estamos na certeza que se debería actuar no eido fiscal. Queremos dirixir esta petición ao goberno estatal por ser responsables de impostos tales coma o IVE, por isto tentamos que se aplique unha redución para o sector. Reclamamos que se poida adiar o pagamento de tributos como o IRPF, que se fagan quitas para o traballo por conta propia nas cotas da Seguridade Social, e tamén sería necesario que o goberno negociase coas entidades bancarias o adiamento de créditos para todas as persoas que, debido a falta de ingresos, teñan dificultades para pagar as cotas mensuais.

Esta é a realidade da situación de moitos negocios da hostalaría de Galiza. En Guitiriz e noutros concellos, que aínda que de momento non están pechados si están restrinxidos, xa notan a falta de ingresos, é por conseguinte a perda de postos de traballo.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 74



Concello de Guitiriz

Son tempos difíciles para o conxunto da actividade económica e, en particular, para este sector afectado de cheo pola pandemia. Apreciase moito, cada vez se sente máis a dependencia que temos en Guitiriz, e no resto de Galiza, do sector servizos e aínda máis na hostalería, como comentei, despois de rescatar a banca, non debería ser demasiado complicado rescatar a hostalería.

Reivindicamos tamén axudas directas para todos os autónomos, ao igual que están a facer noutros territorios do estado español e de Europa. Non se trata de que este contribuíntes non poidan pagar as facturas dos seus negocios, resulta que xa non poden facer fronte ás facturas da súas casas. Dende o inicio da crise xa se perderon máis de 10.000 empregos no sector servizos , e isto aínda ten trazas de agravarse moito mais.

Polo exposto anteriormente, solicitamos do Pleno o que se enumera a continuación:

1º.- Instar ao goberno Español a redución do IVE a todo o sector da hostalaría ata que se normalice a súa actividade.

2º.- Reclamar do goberno Español a que adíen o pagamento do IRPF da hostalería e se rebaixen as cotas da seguridade social, no tempo que duren as restricións.

3º.- Solicitar a Xunta de Galiza para que compense a todos/as os/as autónomos/as con axudas directas e a fondo perdido, come están a facer xa moitos outros concellos.

4º.- Instar ao goberno estatal a que negocie coas entidades bancarias o adiamento de pago de créditos aos autónomos/as."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que o sector hostaleiro galego recibirá un total de dezasete millóns de euros en axudas directas por parte da Xunta de Galicia. O acordo levouse a cabo no marco dunha reunión entre a Xunta de Galiza e representantes galegos do sector hostaleiro. Buscase afrontar a supervivencia agora e a reactivación cando sexa posible, polo tanto Sr. Pereira o goberno autonómico da Xunta de Galicia está a cumprir coa hostalería galega, incluída a de Guitiriz e bisbarra.

Sería de vital importancia a redución do IVE a todo o sector hostaleiro, así como a rebaixa das cotas da seguridade social, máis isto compéttelle ao goberno do estado, por certo, goberno ao que vostedes os do BNG están apoiar, ou non?

Nós pensamos que as axudas serán poucas para un sector ferido de morte, por iso dende o

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

PP de Guitiriz propoñemos a exención do IBI de natureza urbana, que xunto coas axudas da Xunta de Galicia poden axudar a paliar esta desfeita.

Con respecto as axudas gobernamentais está nas mans dos sociais-comunistas e de partidos como o BNG, que os apoian, mais como o PP de Guitiriz está a favor de todas as axudas económicas posibles, veñan de onde veñan e propoñaaas quen nas propoña lmos votar a favor desta moción, pero voulle a dicir máis, a Xunta de Galicia vai facer un investimento na provincia de Lugo un 9% mais que o goberno do Estado e un 17% máis que a Deputación de Lugo.

Tamén dicirle que o 19 de novembro a Xunta de Galicia abriu o prazo para solicitar as axudas destinadas as persoas traballadoras autónomas para facer fronte a crise sanitaria e pódense solicitar ata o 18 de decembro. As axudas de autónomos en xeral son de 1.200 € e autónomos de actividades económicas paralizadas de 2.000 €.

O goberno do Estado, o que o BNG apoia, subiu soldo nun 0,9% e está duplicando o gasto de asesores e altos cargos, pola contra a Xunta de Galicia do Sr. Feijoo, conxela os soldos e amplía en cinco mil millóns de euros os orzamentos, mentres que nos orzamentos do Estado os investimentos económicos para Galiza son menores que o ano pasado xa que hai que premiar aos etarras e independentistas cataláns e vascos.

De todas maneiras, por consenso, o PP de Guitiriz decide apoiar esta moción presentada polo BNG.

A Sra. Alcaldesa di que o equipo de goberno municipal do PSOE está de acordo con todas as axudas que se lles dean, de feito nós fomos pioneiros en conceder este tipo de axudas, todos os/as autónomos/as que tiñan dereito a esa axuda téñena ingresada a día de hoxe e fomos os primeiros en axudar para que cando os/as autónomos/as retomaron a actividade puidesen facelo cunhas condicións medianamente aceptables.

Parécenos ben, como non pode ser de outra maneira, que todas as administracións axuden. O goberno central tamén apoiou ao autónomos/as dende o principio xa que eximiu das cotas da Seguridade Social aos autónomos/as durante o estado de alarma e prorrogou esa exención durante os meses posteriores para que puidesen retomar a súa actividade.

O mellor é que dende todas as administración e dende todos os ámbitos territoriais se axuden aos autónomos/as do noso concello e por conseguinte aos de Galiza e o territorio nacional.

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG di que a situación do pequeno comercio e hostalaría e asfixiante, son creadores de emprego e riqueza no concello, enriquecen Guitiriz e non teñen doado o acceso a axudas reais sen financiación e moratorias. Vemos como por exemplo, as axudas do concello chegaron a 40 autónomos/as a finais de setembro e logo aprobáronse as 53 restantes, ía sendo hora Sra. Alcaldesa, pero mais vale tarde que nunca.

O que queremos e solicitamos agora de outras administracións é que non miren para outro lado e boten unha man a este sector. Solicitamos que tanto o goberno do Estado como o da Xunta tomen medidas e decisións xa, a maioría vive ao día e non todos poden soportar esta situación moito mais tempo.

Sra. Alcaldesa e membros da corporación voules a refrescar como está a hostalaría en Guitiriz, os nosos hostaleiros van quedar a marxe das axudas da Xunta xa que tampouco se atopan na situación de peche obrigatorio. Guitiriz, como pobo de paso, queda tocado de morte, sen clientes de camiño polas nosas vilas, debido as restricións das grandes cidades como Coruña, Lugo, Compostela.

Os nosos hostaleiros están facturando ata un 10% menos, podemos dicir que son niveis catastróficos, en meses como novembro están facturando un 40% ou 50% menos que en novembro do ano pasado. Os bares, restaurantes e locais de ocio nocturno son negocios estacionais, facturan no verán, nadal, semana santa e no concurso de tapas, para solventar meses como novembro, xaneiro ou febreiro.

Cando comezou esta crise en marzo, os hostaleiros xa arrastraban dous meses moi baixos e atopábanse inmersos no concurso de tapas e de repente xurdiu o confinamento e o Covid propagouse rapidamente entre a poboación. Despois de meses pechados afrontando gastos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

con aforros ou financiación costoulles moito traballo poder abrir con garantías ata o mes de xullo e aínda así deciden abrir con duras restricións de aforo e horario. Despois do verán a situación é moito máis difícil, empezan outras medidas que castigan e responsabilizan dos contaxios a hostalaría con mais redución de aforo e horario. Sabemos todos/as que a hostalaría de Guitiriz e Parga non é culpable, nin por suposto a hostalaría galega.

Poño un exemplo do que esta a facer a Xunta, recentemente apareceu un gromo no Asilo de Vilalba, e que foi o que fixo a Xunta, subiu o nivel de alarma a vermello e pechou toda a hostalaría, é un exemplo claro das improvisacións do Sr. Feijoo e así de paso tapa o que está a pasar nas residencias de maiores.

Cabe comentar tamén que no caso dos concellos con fortes restricións de aforo, como Lugo, os hostaleiros estiveron varias semanas sen poder servir mais que nas terrazas exteriores. Así as cousas moitos decidiron pechar e dar vacacións aos empregados/as para intentar abrir en novembro pensando que a situación melloraría, pero leváronse unha gran sorpresa porque tampouco puideron abrir.

Lembrar tamén que para que os hostaleiros/as puideran acollerse a un ERTE tiveron que adoptar medidas obrigatorias como por exemplo, mantemento de emprego, de xornal etc. durante 6 meses.

Por todo isto solicitamos ao Pleno deste concello que apoie a nosa moción para crear un plan de rescate integral de hostalaría de Guitiriz e de toda Galiza: apoio real, axudas rápidas, redución do IVE, adiamento no pago do IRPF, baixada das cotas da seguridade social, supresión taxas municipais ou axudas a fondo perdido.

Queremos un concello e unha Galiza a carón dos nosos hostaleiros xa que son os responsables dunha porcentaxe moi alta do emprego galego. Non poden levar a culpa da propagación do Covid, os informes así o demostran, temos que botarlles unha man.

O voceiro do grupo PP indica que a Sra. Morandeira dixo que o goberno do Estado eximiunos das cotas da seguridade social durante o estado de alarma, pero é evidente que o problema sigue existindo e o que tería que facer o Estado Central sería seguir eximindo destas cotas a todos os establecementos, non só a hostalaría.

Eu non dubido das axudas que deu o concello de Guitiriz pero sinceramente creo que ten que haber mais axudas, todas as axudas son boas veñan de onde veñan. O Goberno do Estado ten que eximir das cotas da seguridade social e o concello de Guitiriz e todos os concellos (agás as Illas Canarias) deberían de eximir do IBI de natureza urbana aos locais onde están os negocios.

Dicirlle ao Sr. Pereira, que claro que me decato de como esta a política en Galicia o que parece non decatarse é vostede de que o seu partido que esta apoiando ao Estado Español, está dando menos axudas en investimentos para Galicia e neste momento unha das cousas que vostede reclama que é a redución das cotas da seguridade social, os pequenos empresarios/as-autónomos/as seguen a pagalas.

Votaremos a favor.

A Sra. Alcaldesa di que en canto a exención do IBI, non sei si se dan conta que aos empresarios/as que están en situación de aluguer, e dicir, que non son propietarios/as dos locais, esta medida non lles serve de nada xa que o propietario do local é o titular do IBI.

Quero recordar tamén que aquí temos hostaleiros ademais de en Guitiriz e Parga en Os Vilares, Reixas e noutras parroquias que parece que nunca nos acordamos pero tamén existen, e non só establecementos de hostalaría senón outro tipo de establecementos que o están a pasar moi mal.

Nós imos a votar a favor, xa que o que queremos é que os nosos comerciantes reciban axudas para que poidan sobrevivir e poder retomar o ano que vén porque si podemos celebrar un bo Xacobeo o noso concello estaría beneficiado pola situación que ten, xa que vivimos basicamente do sector servizos.

Tamén quero acordarme de outros autónomos/as do noso concello que o están a pasar mal: gandeiros, agricultores etc. porque cando hai unha crise sanitaria tan grande como a que está

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

sucedendo todos o pasamos mal.

Votaremos a favor

O voceiro do grupo BNG aclara que o BNG non vai a votar a favor dos orzamentos do Estado, nin está gobernando en Madrid, o BNG apoiou a investidura porque foi o partido máis votado.

Non sei si saben que o BNG levou unha proposta de Parga aos orzamentos do Estado para facer a variante de Parga e foi rexeitada, e nós, o BNG, vai votar en contra porque maltratan a Galiza e vostedes si estivera o Partido Popular gobernando votarían a favor, esta é a diferenza entre un partido e outro.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Moción do grupo PP sobre a exención do IBI ao CIT de Parga. Expediente 1200/2020.

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A proposta da Sr. Alcaldesa e coa conformidade do resto da Corporación retírase o asunto da orde do día.

A Sra. Alcaldesa comprométese a facer as xestións oportunas para que o CIT de Parga poida acollerse a dita exención no sentido indicado no informe da Deputación Provincial de Lugo, que se trasladará aos voceiros dos grupos políticos.

Moción do grupo PP sobre a modificación da Lei Orgánica do Poder Xudicial. Expediente nº 1201/2020.

Desfavorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 5, En contra: 8,
Abstencións: 0, Ausentes:
0

*Don Xosé María Teixido Núñez, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do R.D. 2568/1986, de 29 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte **MOCIÓN***

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro do ano 2016, en plenas negociacións para a formación do Goberno actual, Unidas Podemos remitiu ao PSOE un documento titulado: “Un país para a xente. Bases políticas para un goberno estable e con garantías”, como base para a formación dun goberno de coalición.

Neste documento señalábase o seguinte nas páxinas 95 e 96.

“(...) identificouse unha serie de responsabilidades claves nos primeiros niveis xerárquicos do organigrama do Estado, cuxa especial relevancia na execución das políticas públicas que deberán acordarse nun futuro Goberno exige un consenso na elección e selección das persoas destinadas a ocupar ditos cargos.

Estas persoas deberán ser nomeadas atendendo a criterios de mérito, capacidade e compromiso co proxecto do cambio que deberán liderar”

Segundo este documento, entre os cargos co goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos nombraría por consenso, entre todas as formacións políticas, e atendendo ao grao de compromiso dos candidatos co proxecto de dito goberno, atopanse os membros do Tribunal Constitucional, os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, e o Fiscal Xeral do Estado.

Catro anos despois, o goberno de coalición PSOE-Unidas

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 74



Concello de Guitiriz

Podemos nomeou Fiscal Xeral á ex-ministra socialista de Xustiza, Dolores Delgado e, para finalizar de perpetrar o seu ataque as institucións democráticas e a independencia xudicial, o pasado 13 de outubro rexistrose unha Proposición de Lei Orgánica coa que pretende modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial para, como indica o texto rexistrado na Cámara Baixa, a reforma do procedemento de elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial correspondentes as quendas xudiciais.

Polo tanto, o novo procedemento de elección dos vogais do CXPX que propón o goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos implica rebaixar a maioría cualificada establecida no artigo 122.3 da Constitución vixente para designar 12 dos 20 membros do Consello, os 12 elexidos entre os xuíces, pasando dos tres quintos das Cámaras (Congreso e Senado) a maioría absoluta.

En definitiva, a reforma proposta polo goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos pretén o seguinte:

- *Supón un ataque frontal a Constitución vixente, que é a base do noso estado de dereito, e a separación de poderes e independencia xudicial que definen a toda democracia.*
- *Institucionaliza o control dos xuíces polo por parte do goberno.*
- *E vulnera o artigo número 2 do Tratado da Unión Europea ao romper co compromiso democrático que exige a Unión Europea, alongandonos dos países máis avanzados de Europa.*

Isto non foi presentado polo goberno de coalición, se non polos partidos políticos que sosteñen ao goberno de coalición PSOE-

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Unidas Podemos.

E por qué? Pois co obxectivo de eludir a obrigatoriedade de contar cos preceptivos informes dos órganos constitucionais tales como: Consello Xeral do Poder Xudicial, Consello Fiscal e Consello do Estado.

Este feito demostranos ca única finalidade deste goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos non é mellorar a xustiza española ao favorecer unha rápida renovación dos órganos xudiciais, como falsariamente afirma o goberno, se non todo o contrario, dinamitar os consensos e a concordia que caracterizaron a Transición española nestes 42 anos de democracia e, modificar a nosa Constitución pola porta de atrás, sen que poda opinar o pobo español en quen reside a Soberanía Nacional como así ven especificado no artigo 1.2 da Constitución española vixente.

Pretenden isntaurar un novo réxime moi parecido ao da ditadura bolivariana de Venezuela, xa que esta reforma é unha copia da que no ano 2004 fixoo Hugo Chávez para facerse co control dos xuices venezolanos.

Como indicou a Comisión Europea, ningunha reforma de ningún país pode ir en contra da independencia xudicial e, polo tanto, esta reforma fai perigrar o que noso país reciba eses fondos europeos de reconstrucción que se están a negociar nestes intres, e que son imprescindibles pra garantir a recuperación do emprego e da economía española en liñas xerais.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 74



Concello de Guitiriz

*Por todo elo, elevase ao Pleno esta **MOCIÓN**, na que se propoñen os seguintes **ACORDOS**.*

*1º.- A retirada inmediata da **Proposición de Lei Orgánica** pola que se modifica a **Lei Orgánica do Poder Xudicial**.*

*2º.- Que cumpran o mandato do artigo 122 da **Cosntitución** e tramite a **modificación legal** proposta polo **Partido Popular** que:*

- a) **Establece** cos **vogais** do **CXPX** de **procedencia xudicial** sexan **elexidos** **diretamente** polos **propios** **xuices** e **non** pola **Cámara**, **nin** polos **partidos políticos**.*
- b) **Instaurar** cas **Asembleas** **lexislativas** **autonómicas** **non** **poderán** **designar** **vogais** nos **Tribunais** **Superiores** de **Xustiza** que **hai** en **todas** as **comunidades** **autónomas**.*

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo BNG sinala que podemos dicir que o artigo 122 da Constitución que nomea vostede, no seu punto 3 di: "el Consejo General del Poder Judicial estará integrado por el Presidente del Tribunal Supremo, que lo presidirá y por veinte miembros nombrados por el Rey".

Ata fai pouco os nomeaba o que escapou da xustiza sen render contas ante o Poder Xudicial, xa me dirá vostede que leis temos, o que elixe aos maxistrados foi un dos que mais roubou en España.

Estas normas que teñen rango de lei como a Constitución que dende o primeiro artigo fala da igualdade, liberdade e xustiza para todos/as os españois, non me dirá que somos todos iguais ante a lei e que temos a mesma liberdade ou que a xustiza e igual para todos/as.

Cantos anos levaba o Partido Popular nomeando a parte dos membros deste Consello do Poder Xudicial? e agora asústanse por esta proposición de modificar unha lei orgánica, por moito que modifiquen todos/as sabemos que a Xustiza nunca vai ser independente.

A Sra. Alcaldesa di que o nomeamento da maior parte destes vogais que están sen nomear, esta bloqueado polo Partido Popular dende hai anos. O PP ten sobre a mesa a proposta de deixar sen efecto isto, si se sentan a negociar para levar a cabo este desbloqueo que leva facendo o PP dende fai tempo.

Con respecto ao que di a Constitución, supoño que saben que os vogais os nomea o Rei, pero son elixidos polos partidos políticos. Tanto os membros do Consello do Poder Xudicial como do Tribunal, foron nomeados ata agora polos partidos políticos que son os que nos representan nas Cortes Españolas: Congreso e Senado. Aquí o bloqueo vén por parte do PP e non do goberno que está agora mesmo no Estado.

Creo que o que temos que facer os partidos políticos, cada un no seu ámbito é atender o que

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

temos encomendado. No noso ámbito o que temos que atender é aos problemas dos nosos/as veciños/as de Guitiriz, e deixar que o Parlamento Autonómico e Estatal resolvan os seus problemas.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que quen nomea os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial é o Rei, pero son elixidos polas Cortes Xerais democraticamente, entre xuíces/as e xuristas de recoñecido prestixio, e o que quere o Partido Popular é que isto siga sendo así e non que sexan nomeados polo goberno que é o que vai acabar ocorrendo.

O voceiro do grupo BNG di que non vai votar a favor desta moción, que non ten sentido o que propón.

A Sra. Alcaldesa di que tamén quere que o Poder Lexislativo elixa estes membros, pero si o goberno non ten a maioría nas Cámaras, terá que negociar cos outros representantes nesas Cámaras sobre quen a van a ser os membros elixidos..

Nós imos votar en contra porque como xa dixen antes, cada un no seu ámbito ten que resolver os problemas próximos para os que está a gobernar, e nós estamos a gobernar para os habitantes do concello de Guitiriz e isto si que lles repercute pero todos/as os aquí representados temos representantes no Parlamento Español para que leven alí estas iniciativas.

O voceiro do grupo PP di que hai que cumprir coa Constitución, que é a que di como se elixen os xuíces/as pero o que non comparto é que sexa o Poder Executivo quen elixa os membros do Tribunal.

Sometido o asunto a votación é rexeitado por 8 votos en contra dos grupos PSOE e BNG, e 5 votos a favor do grupo PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS

Voceiro do grupo PP:

1º. Se limpen as arquetas tupidas, xa que poden ser un perigo, tanto as arquetas de Parga con en Guitiriz ou en algunha parroquia na que haxa arquetas.

2º. Se notifique ao organismo competente o arranxo do firme no Mesón da Cabra.

Responde a alcaldesa que xa se instou a Xunta de Galicia por escrito para que o arranxe.

3º. Se coloque un bolardo na beirarrúa diante do Froiz para que os coches podan acceder aos seus garaxes.

4º. Que na rúa Castelao en Parga, nada mais cruzar o paso a nivel principal, supoño que se terán que poñer en contacto con Adif, pódanse sacar unhas 8 ou 10 pedras que non terman do terreo e moita xente tropeza nelas, quedando así unha beirarrúa máis ancha para as persoas e sobre todo para o tránsito de cadeiras de rodas (enfrente da casa de don Lino).

5º. Se arranxen as beirarrúas que hai na rúa da Presa de Parga porque están soltas as pedras e nalgún sitio como é na "casa da tolda" pode dar lugar a accidentes,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

sobre todo de persoas maiores. xa que se moven as pedras de granito.

6º. Se arranxe a rúa Pena de Lliboi na súa totalidade, é a que vai dende o paso a nivel ata os alpendres da feira de Parga, fai falta arranxar os cantos rodados que faltan e as pedras de granito que están esnaquizadas polo peso dos camións que por alí pasan, sobre todo os días de feira.

Hai que subliñar que isto non é culpa da xente, senón da antiga alcaldesa que non revisou ben as obras e permitiu que se puxeran unhas pedras cun grosor tan estreito que rompen con moita facilidade, co que rogamos que se arranxen con pedras que teñan o dobre de grosor.

7º. Que se faga na rúa da Presa en Parga pavimentación axeitada para o transito de vehículos, pois hai beirarrúas pero falta o pavimento.

8ª. Que se poña o cartel do campo de fútbol municipal “Noreña Basanta”, que leva anos sen poñerse.

Voceiro do grupo BNG:

1º. Rogo para mellorar a contorna dos Sete Muíños, nomeo:

Poda das arbores que rodean a piscina natural para eliminar as sombras que a rodean.

Corte dos piñeiros que están secos e ameazan con caer, á beira do parque infantil hai un seco que como veña un pouco de aire, cae.

Reparación da comporta da piscina natural para evitar que cando baixe o caudal de auga no río non se baleire.

Limpeza da contorna antes do comezo do verán.

Sinalización da profundidade da piscina en tres puntos.

Dotación na piscina cun par de salvavidas.

Informar puntualmente nun taboleiro do estado da auga.

- Retirar do río árbores e troncos secos que arrastran as augas, e dicir na mesma piscina.

2º. Rogo para que se instalen nas pontes de madeira do paseo do río varanda de arame ou calquera outro sistema para evitar escorregar e que caian as persoas.

3º. Que se limpen todas as beirarrúas tanto de Parga como de Guitiriz e non so polo centro como está a suceder ultimamente.

4º. Que se tomen medidas ou se prohiba o paso por diante da casa que hai enfronte da casa Barxa xa que caen cristais a beirarrúa e como saben é un paso obrigado para os/as nenos/as que van ao colexio.

5º. Rogamos que se poña un espello diante da taberna de Horacio en Labrada posto que xa houbo algún accidente.

6º. Que se comunique a Conca Hidrográfica Miño Sil as árbores caídas ao longo do río Ladroil e o Parga para que os retire, ou que os retire o concello.

7º. Que se arranxen ou eliminen as varandas da N VI da entrada da Rúa do Mercado.

8º. Que se vaian cambiando os letreiros que temos ao longo do concello en castelán pola nosa lingua.

9º. Na Avda. da Paz en Parga, a estrada que vén dende o Mesón, seguen circulando

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

os coches a alta velocidade, habería que facer controis ou poñer bandas na estrada para diminuír a velocidade dos coches. E mellor actuar antes de que haxa unha desgracia.

PREGUNTAS

Preguntas do Pleno anterior do grupo PP:

- A que son debidas as sancións da C.H.M.S. en Guitiriz e Parga?. Responde a alcaldesa que unha se corresponde cunha vertedura de augas residuais da EDAR de Parga debido a vertedura de gasóleo sufrido en decembro de 2019 co fin de evitar a vertedura do mesmo no río decidiuse verter ao río as augas residuais mentres non se eliminaba o gasóleo. Esta decisión foi consensuada coas autoridades presentes ese día, o responsable da vertedura non se chegou a determinar por falta de probas concluíntes.

A outra sanción foi dunha vertedura de augas residuais da EDAR de Guitiriz, causado por un episodio de chuvia intensa que ocasionou o colapso da EDAR e a vertedura puntual da mesma.

-Cantos nenos hai no PAI?. Responde a alcaldesa que hai 21 nenos/as.

-Hai lista de espera no Centro de Día?. Responde a alcaldesa que hai 4 persoas en lista de espera.

-Hai lista de espera no SAF, cantos en dependencia e cantos en libre concorrencia?. Responde a alcaldesa que en libre concorrencia hai 36 e en dependencia hai 54 en dependencia grao un, 18 en grao dous e 1 en grao tres.

Preguntas do Pleno anterior do grupo BNG:

-A pregunta nº 7 era a mesma que a do Partido Popular, sobre as sancións da Confederación Hidrográfica Miño Sil e xa está respondida.

-Hai unha factura de 7.068 euros de recollida de plásticos agrícolas, pode dicirnos de que punto limpo foi?. Responde a alcaldesa que corresponde a xestión de 80,32 toneladas de plásticos agrícola de distintos puntos de acopio, temos un contrato menor feito co xestor o cal cobra a razón de 88 euros por tonelada con IVE engadido.

-O sábado 12 de setembro celebrouse un slalom automobilístico en Guitiriz, por certo moi ben organizado e que baixo a miña opinión foi un éxito. Motivou pechar varias rúas do casco urbano, e por conseguinte varios negocios, porque non se ficho en domingo para evitar o peche de negocios, e canto lle custou o concello?. Responde a alcaldesa que supuxo un custe para o concello de 11.850 €.

Con respecto a porque non se fixo en domingo, a escudaría que organizou pareceulle mellor facelo en sábado e o concello estivo de acordo. Os organizadores estiveron en contacto permanente cos veciños/as e o sentir destes foi positivo en todos os casos. Tamén se falou, antes da organización, cos comerciantes que se ían a ver afectados, e ningún deles puxo obxección por atoparse dentro do circuíto.

Consensouse todo o posible tanto cos veciños/as como cos hostaleiros/as, a posterior os comentarios dos hostaleiros/as foron que facía tempo que non notaban un empuxón tan forte e dende o punto de vista do concello resaltar que aínda que non o parecía a longo do día pasaron pola praza 900 persoas distintas.

Preguntas deste Pleno:

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Voceiro do grupo PP:

1ª.- A cantos autónomos déuselles axuda?

Responde a alcaldesa que se solicitaron 106 axudas e que quedou algunha fora porque non cumprían os requisitos. Teño que miralo e dígollo.

2ª.- A sanción pola vertedura do río Parga por 300,52 € a que foi debida?. Non estou falando da que xa respondeu antes, refírome a outra distinta.

Responde a alcaldesa que o mira e xa lle di.

3ª.- Cantos alumnos/as hai matriculados/as na Escola de Música?

Resposta: Miro e dígolle, non o sei de memoria.

4ª.- Habrá algunha axuda mais para os negocios do noso concello?

Resposta, para este ano axudas directas non temos pensado facer máis e para o ano que vén están en tramites os presupostos.

5ª.- O persoal do GES que foi readmitido, que traballos están facendo?

Resposta: están facendo os traballos que teñen asignados na RPT, maioritariamente os relacionados con limpeza e desbroces.

6ª.- Cómo van as obras da Casa da Botica?

Responde a alcaldesa que estes días están levantando a parte nova de atrás. De tódalas maneiras a obra da Casa da Botica é responsabilidade da Deputación polo que o seu grupo pode facer esa pregunta na Deputación que seguro que lle dan máis información.

Pregunta o voceiro do PP, si non presentou a empresa adxudicataria unha carta por falta de pagos? ao que lle responde a alcaldesa que ela non ten coñecemento diso, que non ten constancia.

Intervén o voceiro do PP para dicir que espera que lle conteste no seguinte pleno sobre o escrito/carta presentado pola empresa.

7ª.- Pódenos explicar que pasou na Ponte das Ribeiras de Pigara e si hai algunha denuncia?

A alcaldesa explica que o que pasou foi que uns veciños/as de Pigara dirixíronse a nós para que fixeramos un pequeno arranxo e cando chegamos alí para facelo atopámonos que outros veciños/as mostraron desacordo/malestar. Viñeron ao concello e falamos con eles porque crían que tiñamos que ter permiso da Confederación, pero dende o concello puxémonos en contacto con esta e díxonos que a Confederación alí non tiña ningún tipo de competencia, que eses arranxos dependían única e exclusivamente do concello.

Pregunta o voceiro do PP, si hai algún tipo de denuncia? e si había permiso para arranxar esa ponte?

Responde a alcaldesa que a Confederación díxonos que non era competencia deles, que era competencia do Concello.

Pregunta o voceiro do PP por un camiión de formigón que ía descargar alí pero ao final non se descargou.

Responde a alcaldesa que xa lle dixen que o que fixo o concello foi falar cos veciños/as e aclarar con eles a situación antes de crear ningún tipo de conflito.

8ª.- Qué posou con estas ultimas probas que se fixeron para o persoal do concello. Pódenos dar algunha explicación?

Responde a alcaldesa, que ela no pode dar ningunha explicación porque non son competencia da alcaldesa os tribunais de selección dos/as traballadores/as. A

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

alcaldía non participa nos procesos selectivos, terá que dirixirse ao tribunal para obter información e repítole que a alcaldía non interveu no proceso selectivo de ningunha maneira.

Pregunta o voceiro do PP, afirma que vostede non interveu? Ao que responde a alcaldesa que ela fala cos traballadores/as do concello pero que non interveu para nada.

9ª.- Como están as obras da Casa do Concello e si están rematadas?

Responde a alcaldesa que xa están rematadas.

10ª.- Fai uns días saíu unha nota de prensa que dicía que o concello de Friol solicitou o GES. O Concello de Guitiriz vai participar neste GES?

Responde a alcaldesa que ela non ten coñecemento oficial dese GES, e certo que me chamou o alcalde de Friol para comentarme que ían ser sede do GES e creo que aínda se está determinando o ámbito territorial que vai abarcar.

11ª.- Esta cuberta a praza de Policía Local, sábese cando vai saír?

Responde a alcaldesa, que se está levando a cabo un proceso para cubri-la cun concurso e estamos pendentes da súa publicación no BOE.

12ª.- Que se vai facer cos cartos destinados as asociacións que non fixeron actividades?

Responde a alcaldesa, que ten que decidir o equipo de goberno a que se vaia a destinar, non hai nada decidido.

13ª.- Por que non se fixeron aparcadoiros na parte de diante na Rúa Santa Lucia de Parga?

O redactor do proxecto considerou que tiña que ser así e o concello non puxo ningunha obxección.

Recórdolles que ese proxecto estivo exposto e ningún grupo da Deputación presentou ningún tipo de alegación, entendemos entón que estaban de acordo con esa obra.

14ª.- Por que non se poñen medidas de seguridade viaria dende a Pena Moscosa a Parga?

Responde a alcaldesa que esa estrada e competencia da Deputación co que ten vostede dúas posibilidades, que o seu grupo con representación na Deputación o indique alí ou ben pódenos presentar a nós un escrito para poder levalo a Deputación.

15ª.- Cantos casos de Covid 19 hai agora mesmo en Guitiriz?

Esta semana había 4 activos.

16ª.- Ten constancia do peche de algún negocio en Guitiriz debido a situación económica que estamos a vivir?

Hoxe tiveron constancia dun negocio que vai pechar e de outro que lle está custando moito aguantar.

Pregunta o voceiro do PP, si hai algunha forma de axudalos ou rescatalos?, responde a alcaldesa que como aínda tivo coñecemento hoxe, mañá intentaremos facer algunha xestión para ver que se pode facer.

Finalizadas as preguntas do grupo PP, a alcaldesa responde a pregunta unha feita polo voceiro do PP sobre os autónomos, dicindo que se concederon 93 axudas e houbo 106 solicitudes.

Voceiro do grupo BNG:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FHXEDRE6RCYMKETRGMSJ53 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 71 a 74



Concello de Guitiriz

1ª.- Recentemente entearámonos pola prensa da existencia dun convenio para formación coa empresa "Foro de Formación y Ediciones SL." Como é sabido esta empresa está ligada a federación de servizos públicos da UXT, que foi a empresa adjudicataria do balneario de Guitiriz por 4,5 millóns de euros, que posteriormente vendeuse a Oca Hoteles por unha cantidade que descoñecemos, máis estamos seguros que deixou bo beneficio. Seis meses máis tarde o concello chega a un ambicioso e curioso convenio coa empresa para ofrecer 87 cursos gratuítos, e xórdenos varias dúbidas:

-Que condicións ten este convenio entre o Foro de Formación y Ediciones SL e o concello de Guitiriz?

Responde a alcaldesa que non hai ningún tipo de condición. Esa empresa recibiu por parte do Estado unha subvención para formación e pode ofertar no ámbito territorial do Estado eses cursos onde eles consideren oportunos, este ano empezáronse a implantar en Galicia e Guitiriz foi un dos concellos elixidos.

-Pregunta o voceiro do BNG, cando se asinou o convenio ou dende cando se estaba a negociar?

O convenio asinouuse cando nós fixeron a proposta e pareceunos interesante.

-Cantas persoas do concello de Guitiriz asisten aos cursos?

Teño que preguntalo porque nós somos intermediarios, recollemos as solicitudes e logo eles encárganse de todo o demais, pero podo preguntalo.

-Porque se publicitou este convenio pasado o 30 de outubro si o primeiro curso comezaba tan so 4 días despois?

Responde a alcaldesa que foi cando viñeron a ofertalo, non tivemos máis marxe de manobra. Hai outros cursos distintos ao longo dos meses de novembro e decembro e íranse ofertando a medida que nolo vaian comunicando.

-Tivo o concello de Guitiriz coñecemento previo do interese do Foro de Formación y Ediciones SL polo balneario de Guitiriz?

Responde a alcaldesa que para nada, foi un proceso concursal e o concello de Guitiriz non tivo coñecemento de nada diso.

-Tivo coñecemento o concello da venda posterior a Oca Hoteles?

Responde a alcaldesa que tampouco, que non tivo coñecemento previo.

-Coñece a Sra. Alcaldesa a relación entre o Foro de Formación y Ediciones SL e a federación de servizos públicos da UXT?

Responde a alcaldesa, que para nada.

-Participou de algún xeito o concello de Guitiriz na operación urbanística do balneario de Guitiriz?

Responde a alcaldesa que non.

-O concello era coñecedor deste proxecto de Oca Hoteles?

O concello era coñecedor do que dixo aquí o director de Oca Hoteles cando veu pedir copias dos planos e información que o concello lles puido facilitar, pero neste momento non teño coñecemento en que punto está, pero pode investigar e cóntollo.

2ª.- No proceso selectivo de tres peóns de servizos múltiples asistimos unha vez máis neste concello a un proceso que inspira pouca transparencia. Teño as seguintes preguntas:

-Que nós pode dicir sobre o aspirante que presentou unha alegación relacionada co idioma na que quería realizar o exame?. Esta alegación foi presentada unha vez publicados os resultados do exame test, unha vez sabido que non tería praza. Está

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

publicada a aceptación da alegación o 4 de novembro de 2020. Que nós pode dicir? A alcaldesa preguntalle ao voceiro do BNG, quen asina esa aceptación?, o voceiro do BNG responde que o tribunal ao que a alcaldesa respóndelle que entón que lle pregunte ao tribunal.

-É verdade que polos mesmos motivos e xustamente por este proceder, de esperar a coñecer os resultados do exame test para presentar alegacións, foi uns dos motivos polo que se desestimou unha alegación doutro aspirante nun proceso selectivo celebrado a finais de xaneiro deste ano?. As palabras textuais recollidas na desestimación eran: “é tan importante o que se reclama como o momento en que se reclama, si algún aspirante ten dúbidas sobre a legalidade ten que poñelo de manifesto nese momento e non posteriormente cando saen os resultados do exercicio”. Isto é verdade?

Responde a alcaldesa que lle pregunte ao tribunal responsable xa que o equipo de goberno no participa nos tribunais de selección de persoal, porque non lle está permitido. Explica que está publicado na paxina web porque a lei obriga a publicar na paxina web todo o relativo aos procesos selectivos.

-Segundo a paxina web, posteriormente a isto faise outra publicación na que se desestima devandita alegación e publícanse as respostas as alegacións feitas por outros aspirantes dándose casos tan curiosos como o seguinte: “algunhas preguntas obxecto da reclamación a pesar de ter respostas correctas, son anuladas para no xerar dúbidas”, segundo palabras do propio tribunal. Ten algo que comentar?

Responde a alcaldesa que lle pregunte ao tribunal.

-Tamén esta publicado que o exame do aspirante co código 67284 que nunha das voltas de corrección déronse conta que corrixiran mal unha das preguntas na primeira volta e o resultado para este aspirante foi tan substancial que pasou de entrar a quedar fóra e no seu sitio entra o aspirante que alegou inicialmente a causa do idioma. Que relación ten co exame?

Responde a alcaldesa que lle pregunte ao tribunal, xa que eu non participei para nada nesa toma de decisión.

Intervén o voceiro do BNG, para dicirlle que debería dedicarse ao gobernar o concello e non dirixir unha axencia de colocación.

Respóndelle a alcaldesa para dicirlle que si ten algunha dúbida sobre a legalidade deste proceso ou a miña participación indebida, debería presentar a correspondente reclamación ou denuncia, e si non ten ningunha constancia diso diga que todo o que está a dicir son suposicións, comentarios das redes sociais, pero faltaría a súa obrigación como membro da Corporación si ten algunha constancia de algunha irregularidade e non presenta a denuncia correspondente.

Todas as decisión foron tomadas polo tribunal nomeado para este proceso selectivo, co que terá que ser o tribunal o que explique todas esas decisións.

Vostede fala de que non é transparente cando está todo publicado, non sería transparente si non estivese publicado ao que lle responde o voceiro do BNG que non hai transparencia no que está publicado.

Remata a sesión a Sra. Alcaldesa dicindo que lle parece moi ben que o Sr. Teixido controle os xestos dos concelleiros/as do PSOE pero tamén debería controlar os dos/as concelleiros/as do PP xa que cando estaba falando o Sr. Pereira algún deles facía xestos non moi apropiados.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9K2FXEDRE6RCYMKETRGMSJ63 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 74 a 74